

01 MARZO DO 2007 - NÚMERO 658

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS



O COMANDANTE SOUTOMAIOR

Mantívose fiel aos seus principios de liberdade, igualdade e solidariedade até o derradeiro alento. Asistiu a boa parte das revolucións marxistas que tiveron lugar na segunda metade do século XX. Secuestrou un barco –o Santa María– para chamar a atención internacional sobre a ditadura de Franco en España e de Salazar en Portugal. Naceu en Galicia, en 1904, e chamábase José Fernández Vázquez pero, durante a súa etapa de formación política ao longo da II República, era coñecido como o Noé e articulou a defensa da Ría de Arousa fronte á ofensiva fascista de 1936. A historia, porén, lembrarao como o comandante Jorge Soutomaior, alcume que lle deu Xosé Velo Mosquera, compañeiro de aventuras políticas e camarada do DRIL, o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación que, o 22 de

O comandante Soutomaior O noso home na revolución

xaneiro de 1961, secuestrou o Santa María para rebatizalo como Santa Liberdade. Despois de que Margarita Ledo recuperase esa xesta –na que participaron outros galegos: Basilio Losada de Escairón e Manuel Rodríguez do Porriño–, unha exposición percorre agora na Fundación Torrente Ballester de Compostela a peripecia vital do “nosso home na revolución”. Este monográfico recolle algunhas das fotos utilizadas na mostra –organizada polo Consello da Cultura Galega– xunto con textos escolmados do libro ‘Eu roubei o Santa María’, escrito por Soutomaior e publicado por Galaxia e o material biográfico achegado por Xesús Pérez Besada e o propio Consello da Cultura.



— 22 —

II — Doenças nervosas:

Mielopatias sistematizadas — esclerose lateral amiotrófica, poliomielite anterior crónica.
Mielopatias não sistematizadas — siringomielia, esclerose em placa, neuromielite.
Doenças hereditárias e familiares do sistema nervoso — heredoataxias, degeneração lenticular progressiva, coréa crónica, miopatias.
Doenças de Parkinsons, parkinsonismo.
Neuro-lúes. (especialmente tabes, paralisia geral, mielopatias).
Encefalopatias.

III — Endocrinopatias:

Doenças de Basedow.
Mixedema.
Acromegalia.
Síndrome diposo-genital.
Diabete grave.

IV — Outras doenças:

Lepra.
Cancer.
Cárdio-vasculopatias, nefropatias e hepatopatias com insuficiência funcional irredutível.
Síndromes hemáticos graves — anemia perniciosa e leucemias.

Não é válido o retrato que não tiver o carimbo do gabinete

Série **6-1133**
F. D. Secção **F-1272**

POLEGAR DIREITO

Serviço de Registro de Estrangeiros

Admitido em território nacional

com permanência _____
nos termos do art. _____
do dec. n. _____
Data de desembarque **3 / 2**
Embarcação **Navio "Santa Maria"**
Porto **RECIFE - PERNAMBUCO**
Passaporte n. _____
Visado pela autoridade consular brasileira em _____
sob n. _____ no ano _____
Recife, **7** de **FEVEREIRO** de **1961**
Soutomaior
CHEFE DO SERVIÇO

Apenas un par de entrevistas nos xornais. Algunhas referencias, uns comentarios e un libro editado por Galaxia. Pouco máis que unha sombra até que 'Santa Lliberdade', de Margarita Ledo, o redescobre para a historia e para o cine. José Fernández Vázquez, máis coñecido como o comandante Soutomaior, un dos heroes do secuestro do trasatlántico *Santa María*, unha acción coa que el e o DRIL (directorio Revolucionario Ibérico de Liberación) pretendían chamar a atención internacional contra as ditaduras de Salazar en Portugal e a de Franco en España. Agora, unha mostra que se exhibe na Sede da Fundación Torrente Ballester de Compostela, organizada polo Consello da Cultura Galega, amosa a auténtica dimensión dun home heterodoxo, radical e, sobre todo, fiel aos principios revolucionarios ao longo de toda a súa vida. Mesmo, como o desmuestra esta exposición, ás súas orixes: "Eu falo de Galicia en calquera lugar onde me atopo. Non importa que fose na Rusia, na China, no Vietnam ou en Laos. Alí estiven e falei da miña terra; e se ben falei da súa historia no pouco que nós coma pobo coñecemos, fíxeno con amargura do meu espírito por canto os

galegos de todos os tempos cometeran erro tras erro sen saber aproveitar algunhas ocasións de facernos valer como pobo diferenciado que compón unha nación indiscutíbel, innegábel".

E é que, adentrándose na figura de Soutomaior compréndese pronto que, en realidade, o secuestro do *Santa María* foi só un episodio máis na peripecia dun testemuño activo nas revolucións marxistas do século XX e nalgúns dos máis tráxicos acontecementos bélicos desta centuria: a Guerra Civil e os campos de concentración de Auschwitz.

Nado na Pobra do Caramiñal no 1904, José Fernández Vázquez lía de neno "máis do que durmía" —segundo os que o coñeceron— e aínda sendo cativo comeza a traballar de albanel, oficio que desenvolve até cumprir o servizo militar ao comezo da ditadura de Primo de Rivera. Trátase, como xsubliña Xesús Pérez Besada, un dos seus biógrafos, "dunha fase moi escura da súa biografía, na que só se poden deducir algúns feitos: comeza a recibir a influencia ideolóxica da revolución rusa e afíliase ao PSOE, iniciando a súa actividade política".

Ao parecer, estivo desterrado no País Vasco pouco

Arriba, Permiso de residencia de Soutomaior no Brasil. Abaixo, permiso como exilado político tamén no Brasil. Na páxina anterior, Soutomaior cos atributos de comandante.

REGISTO CIVIL N.º **501.016**

Esta carteira de identidade pertence a **JORGE DE SOUTO MAIOR**

Natural de **Espanha - La Coruña**

Nascido a **22 de Marzo de 1909**

Filiación _____

Cór **BROWN** Olhos **castanhos**

Nacionalidade **Espanhola**

Recife, **7** de **FEVEREIRO** de **1961**

Soutomaior
DIRETOR

REGISTO N.º **11720**

Nome **JORGE DE SOUTO MAIOR**

Observações **Autorizado a permanecer em BRASIL como asilado político. Pode exercer atividades remuneradas, devendo observar as disposições dos Artigos 152 e 269, do Decreto nº 3010, de 20/8/1938, Transitando a 15-2-61 esta carteira.**

Recebi 20 de fevereiro de 1961
Soutomaior
Chefe do Serviço

Serviço de Registro de Estrangeiros

Admitido em território nacional em cara _____

com permanência _____
nos termos do art. _____
do dec. n. _____
Data de desembarque **3 / 2 / 1961**
Embarcação **Navio "Santa Maria"**
Porto **RECIFE - PERNAMBUCO**
Passaporte n. _____ expedido em _____
Visado pela autoridade consular brasileira em _____
sob n. _____ no ano _____
Recife, **7** de **FEVEREIRO** de **1961**
Soutomaior
CHEFE DO SERVIÇO

R. 13573

despois de casar. Coa chegada da República no 1931, José *O Noé* –outro dos alcumes co que é coñecido– constitúe unha xunta municipal revolucionaria que trata de impedir a toma de posesión do alcalde do Caramiñas, elixido dentro da lista monárquica. Ante a negativa do Goberno Civil de repetir as eleccións –que *O Noé* consideraba unha fraude– e a compracencia dos socialistas, el abandona e intégrase no Partido Comunista.

Condenado a un novo desterro por reclamar nun mitin a disolución da Garda Civil, *O Noé* decide non cumprir a condea e é encarcerado, aínda que pouco despois se acolle á amnistía do 1932. Tras varios avatares relacionados co seu activismo sindical, o Golpe de Estado de 1936 colócao á fronte da defensa da Ría de Arousa por parte da República, un labor que só poderá desenvolver uns días, xa que a descoordinación dos leais democratas e o cerrado apoio dos caciques aos fascistas acabaran por converter en inútil a súa resistencia. Deste xeito, desde finais de xullo,

tres anos en París e traballará como obreiro de montaxe na fábrica Renault. Daquela, está casado de novo: Margarita Ackermann é a súa esposa, unha alemá coa que terá dous fillos, Federico e Enrique.

No 1948, José *O Noé* está xa en Venezuela, nun xiro xeográfico que, a xuízo de Besada, amosa o cambio de estratexia do PCE tras descubrir que os países vencedores da II Guerra Mundial non están interesados en devolverlle a democracia a España. Establécese na cidade de Puerto Cabello, onde ten distintas ocupacións: piloto, electricista e, finalmente, socio dun aserradeiro. Pola venda da súa participación, sacará os cartos para financiar a *Operación Dulcinea*: o secuestro do *Santa María*. “Eu non pertenzo ao PC”, escribe o propio *Noé* nunha carta ao seu fillo Fernando “desde o ano 1959, no que se produciu a ruptura ao criticar nun congreso a política de Reconciliación Nacional creada polo partido, e a folga nacional, xeral e pacífica con que pretendían derrocar a Franco. Por mor daquela o partido estaba moi dividido. Se ben



únese a un grupo de homes, fundamentalmente comunistas e anarquistas, e fuxen á serra do Barbanza, onde logra forzarse un nome heroico dentro da lenda popular. Logo, marcha a Portugal e, posteriormente, a Francia, desde onde se integra na zona republicana e participa na loita antisubmarina que se planifica en Barcelona.

Antes de concluír a Guerra Civil, é destinado a un posto burocrático na embaixada española de París como agregado naval do Comité Político-Militar do Comité Central do PCE. Co triunfo Franquista, pasa a engrosar a longa lista de republicanos encerrados no campo de concentración de Saint Ciprien, do que sae para incorporarse á resistencia francesa. É detido pola Gestapo e deportado ao campo de concentración de Auschwitz, onde organiza durante dous anos –apunta Pérez Besada– a supervivencia dos grupos españois. Liberados polas tropas soviéticas, vivirá

é certo que renunciei a continuar militando, outros moitos foron expulsados. Un ano despois ingresei no DRIL, pasando a formar parte do seu Consello Xeral, e organizando a acción do *Santa María* e outras de menor importancia”.


“Jorge Soutomaior”, explica Besada, “é o aclume que Xosé Velo Mosquera (curmán do cineasta Carlos velo) dá a José Fernández Vázquez, para manter un maior anonimato no comando do DRIL. Pepe Velo, alcumado Carlos Xunqueira de Ambía, é o ideólogo do proxecto político no que deberían integrarse todos aqueles que estivesen contra os dous sistemas ditatoriais vixentes na península Ibérica, contemplando a posibilidade dun Estado Federal dos Pobos Ibéricos e recollendo a vella orientación iberista do galeguismo”. E o propio Soutomaior engade, “Fun con Velo de Mosquera, [o periodista galego] Fernández Mezquita, Formoso e outros que coma min non coincidiamos nin co PC

nin cos galegos románticos e apáticos... Os portugueses eran do Movemento Nacional Independente do xeneral Humberto Delgado, todos unidos na idea de derrocar a Franco e a Salazar... O secuestro do *Santa María* foi a nosa acción máis espectacular, pero tamén significou a fin do DRIL”.

A análise desta acción é esfarelada por Pérez Besada: “O capitán Galvao residía en Caracas no 1960, sendo o dirixente máis destacado do MNI despois do xeneral Humberto Delgado (chamado xeneral sen medo pola oposición á ditadura de Salazar. Matouno un membro da policía política de Portugal, a PIDE, dun disparo na cabeza no 1963). Outros membros portugueses do DRIL foron: o enxeñeiro Costa Mota, Camilo Tavares (locutor de radio), o xornalista Miguel Urbano Rodrigues (que foi deputado comunista en Portugal), Vítor Cunha Rego e Camilo Mortagua, brazo dereito de Galvao e, posteriormente, cooperatista no Alentexo. No grupo español figuraban –ademais dos xa mentados– Vicente Rojo (madrileño, alcumado *Romara*), Suárez (asturiano), Basilio Losada (de Escalón) e Manuel Rodríguez (do Porriño), ademais de Vítor, fillo de Velo, e Federico de Soutomaior. Este último visitou

do 1961– converteuse no primeiro secuestro dun buque por motivacións políticas. Durante os trece días que durou o rapto do *Santa María* –que facía a ruta Caracas-Lisboa-Vigo– o trasatlántico estivo baixo o control dos 24 revolucionarios do DRIL e ocupou as primeiras páxinas de boa parte dos xornais e televisións do mundo. Estados Unidos, daquela baixo a presidencia de Kennedy, asumiu a dirección dunha ofensiva militar e diplomática para localizar o buque e neutralizar os secuestradores. Consequiron, ademais, frear as peticións de afundir o barco feitas polas ditaduras ibéricas, que cualificaron o suceso como mero acto de piratería. Despois de numerosas negociacións, o secuestro rematou coa atracada do barco no porto brasileiro de Recife, en réxime de dereito de asilo político concedido polo presidente Jânio Quadros, que tomara posesión do cargo dous días antes.

Anos despois, Soutomaior ofrecería a súa versión dos feitos en *Eu roubei o Santa María*, publicado por Galaxia. O libro, apunta el na introdución ao volume, nace para saír ao paso de tres volumes que, “máis ou menos, foron redactados na mesma tónica sensacionalista e superficial”. Nunn destes



Galicia a finais do ano 1992 e nunha entrevista concedida a *A Nosa Terra* di: “*Eu non tiña especiais preocupacións políticas e a miña presenza, con 21 anos, era case polo vínculo familiar. Non podería afirmar o mesmo no caso de Vítor que, sendo máis novo, tiña maior interese na actividade política*”. Ideoloxicamente unha fenda profunda separaba a ambos os dous grupos. Os españois de formación marxista pensaban nunha revolución de tendencia socialista; son antiimperialistas e proclaman a independencia dos territorios coloniais. O grupo portugués non vai máis alá da *democracia formal*. A integración dos portugueses do MNI lógrase deixando en liberdade ideolóxica a cada organización. Todos os esforzos deberían ir dirixidos a derrocar as ditaduras”.

A *operación Dulcinea* supuña, basicamente, ocupar o *Santa María*, rebautizado co nome de *Santa Liberdade*. A acción –iniciada o 22 de xaneiro

libros, o de Francisco Rico, “ademais dunha manchea de inexactitudes e de lagoas, onde afogan importantes feitos, vértese a amargura dun home incomprendido. Iso era inevitable para alguén que, coma el, tivo que intervir na batalla circunscrito a un reducido sector da trincheira. Se a esa circunstancia engadimos que miraba a través duns anteollos acondicionados por unha particular ideoloxía de anarquista solitario e cheo de complexos, dun ser que se sente subestimado na súa valía intelectual, teremos explicada, ademais da confusión das súas *verdades*, a fantasía das súas elucubracións extravagantes, por non dicir outra cousa”.

Para Soutomaior, o libro de Galvao “está cargado da súa arrogancia, do seu *heroísmo* e ata de menosprezo para cos seus compañeiros españois con respecto ao plan inicial, que el fixera fracasar. É tal a subxectividade empregada ao escribir que chega, aguillado pola súa xenreira, a non mentar

Á esquerda, Soutomaior coa súa derradeira muller.
Á dereita, un dos seus últimos retratos

nin unha soa vez a Velo Mosquera, malia que era un dos tres que integrabamos o Estado Maior da operación”.


Respecto da terceira obra, escrita por un xornalista chileno e publicado no Brasil, o activista galego aduce que foi confeccionado con retallos de xornais e que o único simpático é o seu título: *Robar un tratlántico no es lo mismo que robar una gallina*.

Porén, o motivo esencial de que rememorase os feitos do *Santa María* foi que o seu secuestro non foi “unha aventura, se lle damos á acción un concepto máis amplo ca aquel do contido que aperece nos dicionarios. É verdade que os relatos da prensa, incluídos os libros no que levan implícito, deixan ver unha acción de comandos realizada con espírito aventureiro e por uns aventureiros, sen outro fin que a ventura. Non obstante, o goberno de Jânio Quadros, os intelectuais, estudantes e sindicatos no Brasil, comprenderon a seriedade política da nosa aventura. E o mesmo pode dicirse da Comisión de Relacións Exteriores da Cámara de deputados de Venezuela que, comprendendo o verdadeiro fondo da loita emprendida polo DRIL ao capturar o buque *Santa María*, votou por unanimidade unha

noutros tempos o fixeches para loitar a carón do pobo de onde vés. Tamén agora ese pobo está aquí representado nos meus compañeiros que, ao igual cá min, todo o abandonaron. ¿De que queixas? Persoalmente estou satisfeito de saír airoso das distintas situacións, de como dirixín a nave burlando os pderosos do mar. E aquí a teño a salvo e todos os meus compañeiros seguros. Síntome orgulloso por ter cumprido co meu deber de home desterrado por un réxime abafante, saíndo dunha matriz esgazada, sanguenta, dorida até o paraxismo”.

A fe de Soutomaior na revolución non acabou con este rapto. Á altura de 1961, a súa vida sentimental segue a ser intensa. Divoriciouse de Margarita Ackermann, nin vive con Eva Villalonga –da que tivo un fillo, Franklin– senón que casou –no 1958– con Sacramento de Jesús Peña. Tras unha pequena estadía no Brasil, regresa a Venezuela e dedícase, a partir de entón, á política. Pero non á política como exercicio: a súa militancia lévaos a apoiar os movementos insurxentes venezolanos e, de feito, no 1963 é detido e permanece un ano no cárcere.

Nesta época comeza a desenvolver a súa vertente como escritor e ensaísta. Tamén cambia



recomendación ao Goberno de Betancourt, na cal se pedía que, se o trasatlántico portugués retornaba a augas venezolanas, lle fose concedido o dereito de belixerancia. Entrementres, o presidente Betancourt dá-lle orde á Mariña de Guerra e á Aviación Militar de apresar o navío ao ser visto en augas xurisdiccionais”.

No libro, Soutomaior explica a mestura agridoce que sentíu ao acabar o secuestro: “Eu estou triste, pero trato de ocultalo. ¿Por que –pregúntome– me abafa esta tristura? ¿Sería acaso debido ao exceso de fatiga? ¡Non! Os tres primeiros días esgoteime até ao extremo e non me sentía así, tan deprimido. Reflexionando acho a resposta: fracaso do obxectivo militar da operación. ¿E a causa? Ausencia de unidade ideolóxica, tan necesaria para establecer a indispensable disciplina orgánica. ¿E para isto abandonei a miña casa, a miña familia, a tranquilidade? Si, abandonáchelo todo, como

Venezuela por Cuba e traballa para o rexime castrista como integrante do Grupo Latinoamericano da Tricontinental. Como representante desta organización, viaxa á China, Laos e Vietnam, países onde se desenvolve a revolución comunista.

Aínda que regresa a Galicia non 1979 e permanece aquí varios meses, Soutomaior non acaba de afacerse e acaba os seus días –no 1986– na cidade venezolana de Mérida, coa súa muller, nunha vida de precariedade económica.

Montse Dopico/A.R. López

Á esquerda, carta de Xosé Velo. Á dereita, dúas imaxes captadas durante o secuestro

Coordinación: A.R. López, S. Noia, Montse Dopico. Deseño: Signum.



Son
mulleres, escritoras,
galegas e o oito de marzo reúnen-se na
Revista das Letras cun monográfico que pretende
ser testemuño de solidariedade e de afinidades creativas.
A Lupe Gómez, colaboradora habitual do suplemento,
pedímoslle que escollese unha escritora e explicase as razóns
da súa elección. A partir de aí, tiramos da madeixa entrelazando
nomes até que o fío se cortou en Carmen Blanco: resultou imposible
localizala antes de pechar o monográfico. O resultado foi unha cadea de
admiracións e afectos que nos permiten seguir as pegadas dun momento
histórico no que conviven tres xeracións en activo, como ben sinala
Xohana Torres. A case ningunha lle resultou fácil dicir un só nome e as
últimas da cadea atopáronse co problema engadido de que había
banzos ocupados. Non se trata dunha antoloxía nin dunha lista
de representacións por calidades. Máis que iso é o mapa
dunhas conexións internas que poucas veces saen á
luz, un coro de voces colectivas que afloran a
partir dunha voz individual.

**Lupe
 Gómez a Enma**

Pedreira: A razón máis grande pola que, ás veces, nos gusta a obra dunha persoa é que non sabemos porque nos gusta tanto. Ese “non saber porque” é a maxia que nos move cara un lugar, como se as escritoras fosen lugares. Para min Emma Pedreira é unha poeta que me fala, que me di cousas. Mesmo cando é silenciosa coma un mapa mudo. Ela xoga e ordena as palabras dun xeito que a min me resulta interesante –escribir é poñer orde, dar forma–. Móvese na poesía e na prosa, deixando que os xéneros se toquen entre eles para remover a pureza. O seu libro ‘Bestiario de silencios’, que hoxe practicamente non se atopa nas librarías, é para min un libro de culto. Emma é unha raíz forte, unhas entrañas adentras. Emma é luz, porque vive nun faro, e dende alí sente que os barcos poden vela a ela. Que no escuro da noite pode emitir sinais, trazar camiños, inventar vidas. Deuse a coñecer, coma min, nos anos 90. Pero as dúas descremos desas matemáticas que apontoan a literatura dividíndoa, meténdoa en lagos artificiais, xeracións. Destacando o pulo vital das casas que son as escritoras, que o que queren é caer, deixarse caer libremente. Ás veces Emma é unha actriz que pronuncia haikus. Descentrada, no centro do escenario, escribe: ‘O sitio das bágoas/ é/ en nós/ un epicentro de mar/ os naufraxios/ unha postura/ dos ollos’. Ultimamente Emma é unha escritora que habita nos meus cadernos porque con ela teño a posibilidade de conversar, discutir, compartir. Sinto esa danza en min coma un alimento. A luz do ‘faro Emma’ chega ata o meu barrio, e así o mar é máis ancho, máis grande, máis real, máis azul.



**Enma Pedreira
 a María Reimóndez:**

Escólloa pola identidade e a antítese. Identidade haina no seu activismo, no contido social da súa escrita, no enérxico compromiso e nese discurso feminino contra as imposicións, a marxinalidade e os obstáculos de ser nosoutras, a busca do lugar. A antítese está na súa antiespera, na decisión, no proxecto coas mans xa metidas ate o corazón, o falar sen delicadezas dun mundo sen delicadezas e a forza, esa forza transparente, a poeticamente incorrecta.



**María Reimóndez
 a Marilar Aleixandre:**

Son diferentes cousas as que aprecio e as que fan dela unha referencia para min. Por unha banda considero que é unha das autoras cunha obra máis sólida dentro do noso panorama literario. Aínda que me gusta a súa literatura para ‘maiores’ (sobre todo ‘Tránsito dos Gramáticos’) debo admitir que valoro en particular a súa obra infantil e xuvenil, porque con ela racha dúas barreiras que para min son fundamentais e que se resumen coa mesma palabra: a do xénero (social e literario). É na obra infantil de xuvenil de Marilar onde me gusta máis atopala, porque fai dela un fermoso instrumento de cambio social, con personaxes e historias que chaman á reflexión, con rapazas e nenas que se converten nas referencias que a min de pequena me faltaron no exceso de literatura escrita por homes sobre homes/ nenos. Marilar rompe tamén cos estereotipos que rodean o xénero da literatura infantil, considerada con demasiada frecuencia a ‘irmá menor’ da literatura para mariores, cousa á que son totalmente contraria. Obras como a excepcional ‘Rúa Carbón’ interrogan esas fronteiras. E por riba de todo Marilar é para min compromiso social co feminismo e contra a desigualdade dunha maneira aberta e reflexiva coa que me identifico plenamente e que creo que son requisitos imprescindibles de quen toma a palabra publicamente. Moitas grazas Marilar!





**Marilar
Aleixandre a Ana**

Romaní: Ten unha voz dunha gran singularidade cunha poesía moi fonda e persoal. Algúns dos temas que toca, como o tema da escrita das mulleres, resultan particularmente interesantes pola forma oblícuca que ten de abordalos, ou a súa visión das relacións coa familia, como os poemas dedicados á súa aboa. Ana é capaz de dicir moito cunha soa liña e esa é, ao meu ver, a esencia e síntese da poesía. Tres palabras só que encerran dez significados diferentes.



**Ana
Romaní a Xohana**

Torres: Pola hortensia amarela, pola perdida Ofelia a tecer metáforas, pola irreverencia nos campos de verán e todas as beiras do Avia que tamén foron miñas. Por acó estas cousas e as vagas que por dentro nos baten. Por quen nos pesa a punto de cair e o fado de Amalia para unha travesía, polo mar, nin outra cousa quero e Penelope e chove por min ou pasa e por Lola a das roxas viñas, a que esmagaba os acios. Porque non sabedes de min mais que esa onda. Pola menta nas Estacións. Porque unha muller pode converterse en balea polo simple feito de querer cambiar de forma.



**Xohana Torres a
Pilar Pallarés:**

Gústame, porque é unha poeta moi íntima e, ao mesmo tempo, moi sinxela. Unha poeta moi verdadeira. E, ademais, está a súa vida particular. Encántame, porque Pilar Pallarés, a pesar da súa calidade, non fai nunca ostentación da súa poesía. Nestes momentos, estamos cooperado e escribindo tres xeracións de poetas e todas activas. Podería dicir outros nomes como Chus Pato, que me gusta moitísimo. A verdade é que o momento non pode ser mellor.



**Pilar Pallarés
a Eva Veiga:** Podería
esocller o nome de moitas
que me gustan moito, pero elixo
o de Eva Veiga pola radicalidade
da súa poesía. Porque está feita
dunha verdade persoal que, a través
dun proceso literario, logra ser
arquetípica do ser humano dun xeito
moi esencial e espido. Gústanme
todos os seus libros pero teño
unha querencia especial
por *A luz e as súas
cicatrices*



**Eva Veiga a Marica
Campo:** A súa poesía
representa a sinceridade vital e
o seu resultado formal demostra un
habelencioso traballo coas palabras. É unha
poeta de escrita sincera e, ao mesmo tempo,
de altura literaria. Cando leo os seus poemas
teño unha sensación cósmica do íntimo. As súas
sextinas, en certo modo, transmiten as arestas e as
facianas diversas da vida, que é sempre poliédrica.
Na súa poesía vese claramente a relación
verdadeira entre o íntimo e o cosmos. A materia
poética é como a materia vital: non se crea
nin se destrúe, senón que se transforma.
Iso, fundamentalmente, é o acto
creador e o que Marica Campo
consegue.



**Marica Campo
a Medos Romero:**
Fascíneme a poesía
nada artificiosa que cultiva.
Medos Romero é, sobre todo,
unha poeta auténtica e desa
autenticidade xorde o poder da
súa poesía. O uso que fai da
lingua é vivo, nada impostado
e cando leo algún dos seus
poemas, sinto a emoción
de atoparme co
auténtico,



**Medos Romero
a Marta Dacosta:**
Interésame moito a súa
obra e identifícome moito
co que ela expresa. En certo
modo, identifícome con ela. O
que ofrece a súa poesía é, ante
todo, beleza e verdade, que
son as dúas características
que deben esixírsille á
obra de arte.

Marta Dacosta a

Rosa Aneiros: Gústame moito como Rosa Aneiros escribe. Achegoulle á historia da Literatura Galega unha obra fundamental, *Resistencia*. Logrou facer algo fundamental para a narrativa: novelar a partir de feitos reais, como é o caso desta novela ou de *Veú visitarme o mar*, centrada na marea negra que padeceu Galicia. Asume un gran risco: novelar a partir do inmediato, do que acaba de acontecer. Admíroa pola súa capacidade de enganchar e de ser quen de levar adiante proxectos de novelas que sen apartarse da forma tradicional, logra efectos novidosos. Iso é o que necesitamos: literatura que nos enganche, textos que nos prendan.



Rosa Aneiros a María

do Cebreiro:

Representa moi ben o contrario de algo que durante moito tempo se dixo das mulleres en xeral: que nos circunscribiamos a ámbitos moi concretos, que non saíamos de aí. Ela é unha escritora a nivel total. Traballa a creación desde distintos puntos de vista, interdisciplinariamente, tamén na investigación. Ten sempre os ollos de par en par para velo todo. É unha esponxa que absorbe todo. É capaz de crear unha mensaxe, intelectualmente moi elevada, dificilmente comprensible para todos os públicos, pero a súa mensaxe e as súas metáforas son asequibles a calquera lector, porque están engastadas á nosa vida cotiá. Trae o discurso intelectual ao día a día. Persoalmente é moi agradecida: é capaz de recoñecer nos demais a valía da súa creación e, ademais, resulta asombroso que sexa capaz de producir tanto. A min paréceme fisicamente imposible. Sabe ter a corda en constante tensión.



María do Cebreiro a Chus Pato:

Ela logra facer da linguaxe poética un centro de revolución



**Chus Pato a
Helena de Carlos:**

A súa escrita poética prodúcese unha felicidade moi intensa e unha calma moi profunda. Escribe desde un coñecemento rotundo da literatura. Desde a intelixencia e para a intelixencia e os sentidos.



**Helena de
Carlos a Olga Novo:**

Hai moitas outras escritoras que me interesan tanto como Olga Novo, pero no seu caso, a súa poesía abriuse un espazo na Literatura Galega até converterse, contra toda corrente, nun dos seus nomes grandes. O que me máis me atrae dela é a súa enorme sensualidade, o seu fondo, o seu poder telúrico.



**Olga Novo a
Carmen Blanco:**

A súa obra é fusional: a vida habita nela para nos lanzar cara a unha harmonía profunda onde os desexos máis fondos da condición humana teñen o seu libre lugar. A súa rebeldía vermella e a paixón rotunda que pon en todo canto fai, como ela mesma ten dito, fan de Carmen Blanco unha radical poeta máis alá.



Coordinación: A.R. López, S. Noia, Montse Dopico. Diseño: Signum.



15 MARZO DO 2007 - NÚMERO 660

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



ZP



Zapatero nos meses decisivos

Onte cumpríronse tres anos des que José Luis Rodríguez Zapatero gañou as eleccións xerais de España, desbancando do poder un Partido Popular que, nos días previos, non soubera reaccionar ás circunstancias tráxicas do atentado islamita de Madrid. Para Zapatero, os próximos meses son un prezado tesouro, coas eleccións municipais de maio como último termómetro para medir a solidez do socialismo tras a estratexia de ataque desesperado emprendido polo PP para arrastrar na súa frustración a canto encontre por diante e, no paso, darlle novos folgos á ultradereita española. Con medidas audaces que lle proporcionaron o respecto da esquerda –desde a retirada das tropas de Iraq á nova lei de matrimonio, pasando pola ampliación do autogoberno autonómico, a Lei de dependencia, a moratoria nuclear, a retirada dos transvasamentos ou o apoio ao proceso de paz en Euscadi–, o Goberno de Zapatero deu mostras tamén de vacilacións que prexudicaron o seu status, tanto na Lei de memoria histórica como en inmigración ou nunha errática política exterior, co Sáhara como última mostra. Revista das Letras fai balance deste percorrido a través dunha entrevista con Suso de Toro –enfascado agora nun libro sobre o presidente– e dous artigos de análise de Caetano Díaz e Herminio Barreiro que se aproximan ao perfil do primeiro gobernante da historia de España que non pode filiarse ao nacionalismo español.

Suso de Toro, un escritor curtido no galeguismo de esquerda, asegura que o seu encontro con José Luis Rodríguez Zapatero foi un “frechazo”. Froito dese frechazo é un libro que prepara nestes momentos e co que pretende descubrir o perfil enigmático do presidente español, un home que el describe con verdadeira admiración. O autor de novelas como ‘O home sen nome’ desvela nesta longa entrevista o seu punto vista sobre ZP e esfargulla algúns dos sucesos que caracterizan a súa lexislatura.



ZP, o enigma do home tímido

P: O teu último proxecto literario é un libro sobre o actual presidente do Goberno español, José Luis Rodríguez Zapatero...

R: O libro é unha longa entrevista que permita facer un xuízo xusto do presidente. Cando votamos, non só votamos un programa, senón que votamos a alguén con capacidade de levar adiante ese programa e de soste-la a vida diaria da sociedade, de ter a capacidade de manter a gobernabilidade. Por iso é moi importante saber as capacidades humanas de Zapatero. Sobre el circularon sucesivas caricaturas. Primeiro era un Bambi, alguén naïf, sen forza, iluso, inxenuo. Logo pasou a ser alguén perverso, manipulador e autoritario, e agora de novo volven dicir que non ten forza, nin capacidade, alguén sen capacidade humana, sen enerxía. Todo iso son caricaturas falsas. Eu síntome obrigado moralmente a facer ese traballo na medida en que creo o contrario de todo iso.

P: ¿Como xorde esa fascinación por Zapatero? Un interese que en certo modo parece mutuo...

R: Unha parte da miña xenética ideolóxica e cultural ven do galeguismo. Adscribiríame á rama do galeguismo de Castelao, Seoane, Bóveda... Nunca considere-i a Galiza como algo separado. Entendo que está nun contexto determinado. Lingüisticamente é o brasileiro. Historicamente, Galiza está inserida en España. Iso é unha realidade. Cando foi o caso do *Prestige*, vin o terrible que era o lugar que ocupabamos e como José María Aznar sentía un auténtico desprezo por nós. Para Aznar, Galiza era un lugar afastado, mítico, de xente rara, frío, de onde viñan votos, pero un lugar de xente rara e allea á súa idea de España. A situación levoume a elaborar unha crítica política da idea de España, dun modo articulado, e cunha posición combativa, de belixerancia. Eu non lles vou deixar España aos nacionalistas españolistas. Se eu vivo aquí e estou censado aquí, teño o dereito e o deber de dicir que é España. Atrevínme a dicilo fronte aos outros no lugar onde os outros pontificaban: nas cabeceiras de Madrid. Iso enfrontoume a Savater ou a Elorza, intelectuais que veñen actualizando a mesma vella idea desa España rancia e nacionalista. Polo medio, tropecei tamén con Zapatero. Foi un descubrimento vital. Eu sempre estivera en posición de equilibrios difíciles dentro da política. De feito, escribín un libro sobre Camilo Nogueira no momento en que comezaba a devalar o ciclo de Esquerda Galega. Cando

vin a Zapatero foi un frechazo. Encantoume. Tiña unha combinación de intelixencia, moi viva, e unha frescura sinxela, humilde. Ao mesmo tempo, tamén a soberbia de alguén ambicioso. Podería dicirse que cando o vin, vino.

P: É un xiro moi marcado. Pasas do galeguismo do dereito á autodeterminación que defendía Esquerda Galega a un socialismo de corte federalista...

R: Neste momento non teño adscripción ideolóxica. Eu diría que son un liberal no sentido de John Stuart Mill: liberal e de esquerdas. Un liberal con conciencia social. O proxecto de Zapatero para España é o de alguén que non é nacionalista español, a diferenza de Aznar, e incluso de Felipe González. Algúns personaxes con poder en Madrid e no Estado din “ese chico de León”, con ese desprezo do rural, clasista, racista, xenófobo cos doutra procedencia. É tanto como dicir, ¿quien es ese chico, que no es nadie, que no pertenece a las familias patricias de la democracia española? E por iso Rajoy lle dixo que non calquera pode ser presidente do Goberno. Ese é un tema social: calquera de nós, nunha democracia, pode ser presidente do Goberno. El chega da periferia e saca a espada que está espetada na pedra. Ese é Rodríguez Zapatero: unha persoa cunha autoconfianza enorme, cun proxecto de España integrador e que recoñece a diferenza, coa idea dunha España plural. A verdadeira nación contemporánea é Europa, que é a que ten os vellos atributos das nacións, dos estados-nacións: as fronteiras, a moeda. Exército xa non o ten ninguén, só o ten Estados Unidos e a OTAN, nin España ten exército propio. Dentro de Europa hai máis ou menos nacións. En realidade Europa é máis ou menos nación cando os Estados-nación son máis ou menos nación, e a Galiza ou Cataluña son máis ou menos nación. O Estatuto da Galiza ten que indicar a condición nacional: posto que ese xogo existe, non podemos quedar sen xogalo. Agora ben, pronto teremos que deixar de xogar todos, porque é o mesmo que fai o PP cando di que España é unha nación: é unha utilización de palabras para manipular sentimentos.

P: ¿Cres que o proxecto territorial de Zapatero ten características propias? No caso do Estatut de Cataluña houbo vacilacións preocupantes...

R: Si, pero non son as propias da persoa, senón os

límites da situación política que vive España. Desde que o PP perdeu as eleccións, hai unha utilización do nacionalismo español como arma explícita na ruptura de España.

P: Ás veces dá a sensación de que no propio socialismo, onde tamén se dá o nacionalismo español, existe tamén desconfianza cara a Zapatero...

R: Durante a elaboración do Estatut de Cataluña, abrollaron os receos dese profundo nacionalismo español, moi presente en toda a sociedade española, especialmente no sur da península. É un nacionalismo español moi belixerante, moi presente en toda a sociedade e en todos os partidos. Zapatero tivo que facer unha aposta grande para sacar adiante a revisión do autogoberno catalán, que o partido acabou aceptando. Actualmente, Zapatero ten non só un control efectivo senón tamén un dominio ideolóxico do socialismo. Hai unha gran confianza na súa capacidade, aínda que houbo momentos de dúbida. Os seus problemas foron os socios do tripartito catalán. Un día aparecen na portada do 'ABC' as declaracións de Carod-Rovira dicindo que o Estatut era o primeiro paso para a independencia. A situación era moi difícil.

P: Esquerra Republicana, porén, mostrouse como un dos puntais básicos de apoio de Zapatero en Madrid, cunha gran lealdade.

R: Esquerra naceu como un movemento de instinto, de reacción emocional. De feito, o éxito de Esquerra era "fodamos a Aznar" e se queres foder a Aznar, vota Esquerra. Chegou un momento en que Carod-Rovira comprendeu que politicamente debía votar a favor do Estatut pero non puido defender a posición dentro da dirección porque eles mesmos asentaban nunha base que quería o xesto, a emoción, e non quería votar un Estatut tan revisado. Os dirixentes de Esquerra foron evolucionando pero non foron compartindo coas bases as cousas que eles ían aprendendo. É o problema que ten a manipulación emocional das persoas: cando os dirixentes do PP queiran parar estas bases afeitas a ocupar a rúa e insultar o Goberno non van poder.

P: Hai quen di que Zapatero saíu candidato socialista porque naquel momento ninguén cría que Aznar puidesea ser derrotado e deixaron pasar un home que, noutras circunstancias, non tería posibilidade ningunha.

R: O Partido Socialista viviu unha crise profunda motivada pola perda de poder, aínda que a crise xa viña da etapa de González. Eu fun moi crítico con ese goberno, sobre todo polo trato a Galiza ou a trama dos GAL. Realmente tratouse dunha etapa de decadencia: os vicios pasaron a incrementarse e as virtudes ían desaparecendo. González retirase e designa a Almunia como candidato. As bases escollen a Borrell que, logo, abandonou polas dificultades. A sucesión dinástica seguía sen solucionarse. Zapatero é como Borrell 2. Bono tiña os apoios todos, desde González a Chaves, agás Ibarra que era guerrista, pero foron as bases as que o escolleron. A diferenza con Borrell é que Zapatero estaba na Executiva xa de González. Lembra que gaña o Congreso cun discurso no que comeza dicindo, "compañeros, compañeras no estamos tan mal" e despois reivindica o orgullo de ser do Partido Socialista, do que se fixera, dos gobernos de Felipe González... En Zapatero dáse renovación con continuidade. Hai un xesto que para min é significativo cando os da Executiva do PSOE, todos, foron despedir na entrada do cárcere a Barrionuevo e a Vera, el é o único que non acode. Un xesto que ten relación en como entende a política: hai cousas que non se poden facer. Gústame Zapatero porque é a verificación de que se pode facer política con principios, partindo da convicción e en base a principios, e polo tanto con límites. Non todo vale en política e a política é algo ao servizo do común do público. Cre na dignidade. É un home cunha vocación política total, absoluta. Toda a súa vida é a política. Por outro lado é unha persoa cunha intelixencia moi viva, moi calculadora. O aparato do partido quería controlalo pero no puido. Bono era a idea do partido como máquina puramente de poder, sen outro obxectivo social

ou moral, sen máis horizonte que recuperar o goberno. Zapatero foi a aposta por alguén con conviccións, con ideais, e ao mesmo tempo capaz de recuperar o poder.

P: Estás dando unha imaxe moi idílica das bases do socialismo, con moita capacidade de decisión.

R: Esa é a visión que Zapatero ten delas, porque tamén ten unha visión lindísima do seu partido. El di que o PSOE posúe unhas persoas cunhas historias maravillosas e cunha riqueza humana enorme. Zapatero di que o socialismo é o gran descoñecido da sociedade española. Eu non teño esa visión. Pero nin esa nin outra. Non coñezo como é realmente o Partido Socialista por dentro, pero si creo ao vencer nas primarias, Zapatero fixo que se descompuxeran os resortes internos do partido. Foi un momento no que estaban rotos todos os mecanismos de control e o partido quedou aberto. Chaves estaba á fronte dunha xestora que organizou o congreso, e nun principio tiña unha aposta moi firme por Bono. Cando foron caendo as opcións de Rosa Díez e a de Matilde Fernández,, quedaron só Zapatero e Bono. E foise vendo cada vez máis que era posible que Zapatero gañase. Entón houbo moitas mediacións por parte de Chaves e de González para que pactasen, con Bono como candidato e secretario xeral e Zapatero de portavoz parlamentario e vicesecretario. Ao final, chegouse ao momento en que se traspasaron as barreiras todas e Zapatero foi a por todas.

P: Porén, parece que a sociedade no seu conxunto, e xa na recta final da lexislatura, non acaba de ver claro que é o que Zapatero.

R: Estou completamente de acordo e por iso que fago este libro. As razóns son varias, entre elas a cultura política de Zapatero, que é moi distinta da de certos sectores da sociedade española. Compréndeno mellor os novos, que cren máis no individuo, na persoa, na liberdade persoal, pero faise moi difícil de entender para as xeración educadas no franquismo, no nacional-catolicismo. Estamos afeitos a unha relación co poder baseada na submisión, cunha cultura gregaria. Zapatero representa unha sociedade nova e, ao mesmo tempo, hai outro aspecto moi importante: é tímido. Aínda que resulta convincente nos mitins, é tímido. A xente nota que fai falta en Zapatero saber que hai detrás, cústalle moito expresarse.

P: ¿Que é o que cres que se oculta, se se oculta algo, ou é incapacidade de transmisión?

R: Basicamente é unha persoa tímida. Non é tanto sentimental como emocional, é unha persoa cariñosa, optimista e entusiasta, que celebra a vida, que se admira enseguida, que celebra, á que lle custa moito ser ácido, que cala as cousas, é moi difícil que lle faga unha crítica a alguén. Unha persoa humanamente moi boa, pero que ten un defecto de comunicación que é que garda as emocións, non as expresa. González era mais intuitivo, expresaba os estados de ánimo. O PP chámalle de todo e el segue impávido.

P: O primeiro ano do seu Goberno é espectacular en canto a toma de decisións, pero parece que na segunda parte vai perdendo folgos...

R: O que está facendo é levar adiante o programa dun modo implacable. A súa obsesión é presentarse ás eleccións dicindo "o programa era este, e este é o balance". Gústalle a política como algo vivo, dinámico, pero tamén entende a xestión como cumprir un compromiso, para el é moi importante o valor da palabra, o compromiso, por iso odia e despreza a mentira, e por iso se lle preguntas por que fas tal cousa el dirache que porque era o seu programa. El calcula que agora debe ter un 70 ou 80 por cento do programa cumprido, e conta con chegar á fin da lexislatura co 100 por cento, quere ir cumprindo todo en orde, ninguén lle vai gobernar o seu tempo e decidirille a lexislatura, por mais que se poñan...

P: A súa política de cara ó exterior parece vacilante.

R: Non é así, o que pasa é que a reestruturou de novo. Aznar seguira a estratexia de someterse a Bush, con aquilo



de odio á vella Europa. O que fixo Zapatero foi recoñecer a todos os países de latinoamérica como interlocutores, con independencia de que che guste ou non o que fai un rexime ou outro. Resituou a España no centro europeo, co eixe fundamental de Francia e a Alemaña. Eu son un home de Galiza, pero penso que non debemos pensar que estamos á marxe, porque é unha tentación infantilizadora non asumir responsabilidades: a miña cultura é a dos republicanos galeguistas, a participación na política española e, ó mesmo tempo, a comprensión da Galiza en Europa e no mundo. Eu desexaría na próxima lexislatura un goberno con algún ministro de IU e dun partido galego. E que en Galiza, o PP, o PSOE, ou o BNG, sexan organizacións autónomas, con soberanía, e desexo un PSG, igual que hai un PSC en Cataluña.

P: ¿O PSdeG non está entón funcionando dese xeito?

R: O PSdeG deu un salto adiante, que foi desprazar a Paco Vázquez ó Vaticano. Iso permítelle recuperar dignidade. Non tería gobernado Fraga tantos anos se non tivese a complicidade do PSdeG. Recuperou tamén eficacia e están empezando a pensar os nosos problemas desde aquí. Fáltalle unha dirección política propia e unha comprensión nacional de Galiza. O que non pode ser é que só pense Galiza como país o nacionalismo. Hai que pensar nacionalmente todos, a dereita, a esquerda, o centro e o que sexa. Pensar nacionalmente e non nacionalistamente. A organización en Galiza do Partido Socialista non ten cultura propia galega. O que ten é suspicacias e receos sobre o galeguismo, pensando que iso é cousa do Bloque. O herdo histórico do galeguismo non pode ser patrimonializado por unha única organización.

P: A uns meses de eleccións xerais, Zapatero non parece ter asegurado o triunfo...

R: El é un home pragmático, dialéctico nos cálculos, pero moi ríxido nas certezas nas que se basea, nas súas conviccións e crenzas. Unha das súas sentenzas é que a xente é mais lista do que crees, e ó final o tempo pon a cada un no seu sitio. O PP está facendo unha oposición que desgasta o goberno, pero non consegue gobernar. O candidato do PP, Mariano Rajoy, é o peor valorado de todos. Non sei se Zapatero vai gañar por goleada nas próximas eleccións, pero vai gañar.

P: Decisións coma a prisión atenuada de Juana Chaos non son entendidas pola maioría do electorado, algo que o PP aproveita como arma política.

R: Aí é onde se demostra que Zapatero ten asumida a responsabilidade de gobernar. Hai momentos en

que se queres conseguir algo tes que facelo aínda que non o entendan. Nisto e en moitas outras cousas, o PP compórtase con irresponsabilidade.

P: O PP está volvendo a unha actitude que parecía descartada: darlle cobertura a dereita ultranacionalista.

R: O PP, que non comprendeu que perdese as eleccións do 2004, mantén a idea nacional española do franquismo: unha nación centralizada, lingüística e nacionalmente homoxenea, co fondo da moral da Igrexa católica romana. O PP ten 9 millóns de votantes pero os que se manifesta son os mais radicalizados, e dentro deles interesan os mais ardorosos. En España, a diferenza doutros estados europeos, hai un só partido da dereita. Agora xuntouse toda a dereita, incluída Forza Nueva, AP, e UCD. E este é o momento das bases de Forza Nueva. O sector UCD está na casa, pero FN e AP están na rúa.

P: Falas de eleccións que perderon e non recoñecen, como en 1936. Algúns evocan de novo as dúas Españas.

R: O 15 de marzo do 2004, tras perder as eleccións, congregáronse na rúa Génova os partidarios do PP con bandeiras españolas. A recuperación da bandeira, como un símbolo ideolóxico en vez de símbolo do Estado, non é casual. Tamén coreaban consignas como "Zapatero ó paredón". Rajoy, o candidato perdedor das eleccións, saíu saudar aquela xente e aí comezou o camiño do resentimento. Agora, xa non teñen nada que perder, porque non van gobernar nunca. Nin Acebes, nin Zaplana, nin Rajoy... Actúan como desesperados.

P: Se o PP regresase ao goberno ¿non podería darse, precisamente, a ruptura de España?

R: Impedir a xestión do goberno coa ocupación das rúas é xogar a desestabilizar. Afortunadamente non existe un exército golpista. O que si hai é unha utilización do Estado para boicotear a gobernabilidade. Estase dando un fenómeno novo : a intromisión do poder xudicial no poder político. Pode ocorrer, como consecuencia, que se anule o Estatut de Cataluña, pero crearíase un conflito enorme. A única España posible é a de Zapatero, a de González ou a de Suárez... A España dos pactos que permitan integrar. A idea de humillar Cataluña só poder crear odio, resentimento e crise interna. Tentar humillar Galicia, Cataluña ou o País Vasco crea problemas de gobernabilidade. Isto é tan evidente que aínda que o PP gañase as eleccións nin sequera levaría á práctica iso: acabaría volvendo a pactar cos partidos vascos e cataláns.

A.R: López/Montse Dopico

O presidente bipolar ou o destino do año

Un día, o año achegouse a Brahmana, o creador, e queixouse moi amargamente da súa condición.

–Todas as criaturas –dixo– queren facer de min o seu alimento. Por que razón, ouh, poderoso Brahmana, lles sirvo de comida? Paréceche xusto?

Brahmana escoitouno e respondeulle:

Que podo dicirche, meu fillo? Incluso a min, ó verte, fáiseme a boca auga.

O conto de Rabindranath Tagore, con seguridade recollido da tradición popular india, abre a marabillosa recolleita de historias que construíu ó longo de máis de vinte e cinco anos Jean-Claude Carrière, amigo e colaborador de Buñuel, coa pretensión de nos ensinar a coñecernos mellor. O primeiro texto de ‘El círculo de los mentirosos’, impresionante manual de filosofía humanista que me descobre Rober G. Méndez –xenio atormentado da república das letras, arquitecto da palabra exacta–, a fábula do año, digo, ilumina un dos rostros de José Luis Rodríguez Zapatero, presidente poliédrico e tamén bipolar, bambi que excita moitas glándulas salivares, año que agocha un lobo que quere esnaquizar España, se lle facemos caso á iconografía que aventan en procesión inquisitorial os líderes dun centro-dereita cada día máis descentrado, xentes que lle dan a razón a Carrière –regreso á sabedoría do abraiante escritor– cando nos avisa de que todos os pobos, en todos os tempos, foron decepcionados polos seus autores, polos seus narradores (non outra cousa é a clase política): “Todos desexaron mellores historias. Porque están feitos desta substancia. Recoñécense nela, identifícanse con ela. Quixeran que as súas historias fosen mellores, porque se soñan a si mesmos mellores”.

Na era ZP, a cota máis grande de decepción paréceme a min que nola achega a tribo que pastorea Mariano Rajoy, peculiar comandante en xefe da manifestación “máis bonita” (sic) no día “máis feliz” (sic) –a caña a Zapatero fai que afloren nel emocións descontroladas, como as alerxias primaverais, de xeito que é quen de transformar o balbordo dunha protesta nunha bucólica excursión campestre–, pero esa é outra historia, paralela á de ZP e sen a que non se entende a acción política do gobernante leonés, do socialista da baraka, pero, para o caso, outra historia.

Bipolar, escribín? Si, sen dúbida. Zapatero é o presidente da España nación de nacións, da España plural, da España que camiña, malia que cambaleada, cara a un novo modelo territorial, de raíces corais e refractario ós vicios do vello réxime centralista. Iso é bo. Zapatero é, tamén, o presidente das dúas Españas, o gurú da tolerancia e do diálogo, virtudes que a dereita está a manipular e a retorcer até as converter en ingredientes da empanada de crispación que indixesta a sociedade española desde as eleccións daquel triste 14-M do 2004, tres días despois do atentado islamita –sí, islamita, ideado

por radicais islamistas, executado por radicais islamitas, reivindicado por radicais islamitas– que desviou o rumbo do noso Amazonas político cara a un territorio de confrontación, de irracionalidade. Iso é malo.

Zapatero é o presidente dos avances sociais máis valentes e radicais, o estatista das liberdades individuais, o lexislador que sacou do gueto as mulleres e as minorías. Do outro lado do espello, é o líder que exacerba, co seu aval á recuperación da memoria histórica, os odios dos españois que nin esquecen nin perdoan –deses que lle berran nas manifestacións “Zapatero, vete con tu abuelo”–; que esperta a hiena da extrema dereita, porque impulsa o delicado proceso de reforma dos estatutos –está a romper España, está a romper España!, recrimínalle o coro de fariseos– e porque está comprometido sen medias tintas, con responsabilidade, en dar coa porta da paz para o País Vasco; que enfurece, e de que maneira!, o aparato do aznarismo –a sombra do anterior presidente escurece o liderado do cada día menos galego Rajoy– coa retirada fulminante das tropas españolas de Iraq e co seu menosprezo, é certo que en parte gratuito –manca finezza–, ó insólito George W. Bush.

Van aló tres anos de Zapatero de luces e de sombras, de máis luces que sombras, quero dicilo. Van aló tres anos de Zapatero de profundas conviccións éticas e de non menos profundas inimizades. Van aló tres anos de Zapatero de talante e de crispación. Van aló tres anos, en fin dun presidente bipolar ó que a Historia pode devorar, a pouco que se empeñe esta sociedade nosa na que todo vale, como Brahmana ó año de Tagore, tan transparente. Sería inxusto, de certo. Sería dramático, incluso. Pero pode ser, e cando ocorra, se ocorre, alguén sentirá a xeadá sombra de Caín sobre a súa biografía política. Sobre o seu bigote. E non será ZP.

Caetano Díaz

Sobre maiorías e minorías

A política pasou a ser definitivamente un asunto de maiorías e minorías. Xa non se pode resolver ningunha cuestión social importante sen un apoio maioritario. Vai quedando atrás o tempo histórico das minorías vangardistas e o labor moitas veces determinante das organizacións de cadros. Hoxe xa non abonda con prepararse para a reforma ou para a revolución. Fan falta varias reformas ou varias revolucións. En realidade, o reto é este: que facer e como facer para salvar a nosa especie, que facer e como facer para que o capitalismo non nos leve a unha hecatombe universal.

Chegamos a un punto en que o pensamento único é máis mentira que nunca, en que o neoliberalismo naufraga estrepitosamente no terceiro mundo, en que a globalización nos fai ser máis de onde somos como nunca antes. Hai poucos días, Slavoj Žižec, un filósofo marxista esloveno orixinal, creativo, pero tamén un pouco arroutado, nunha conferencia en Compostela, invocaba a necesidade da universalización das loitas sociais.

Propoñía Žižec a loita social pola xustiza e pola igualdade en lugar da tolerancia entendida como concesión diante da globalización capitalista, diante do racismo e diante da xenofobia. Nada de “alianza de civilizacións”, dicía, referíndose a proposta que formulara Rodríguez Zapatero nas Nacións Unidas. Máis ben, loita por defender cada un quen é, subliñando que o verdadeiro camiño sempre será ir do particular ao universal e non vivir nun universal abstracto e sen referentes. Canto máis nós mesmos sexamos, máis preto estaremos dos demais.

Žižec promove pois a intolerancia... Problema de tradución? Coido que unha cousa é a defensa intransixente dos principios e outra moi distinta a intolerancia como método. Porque nese camiño que debemos percorrer xuntos (e que só pode ser e ten que ser o camiño da paz e do consenso), podemos e debemos ser intransixentes na defensa das nosas conviccións, pero sendo sempre tolerantes cos que non pensan, senten, nin viven coma nós.

Porque, efectivamente, a loita de clases aí está. A loita continúa, é certo. Pero o mundo vive hoxe nunha situación que está moi preto dos límites. E necesariamente haberá que entenderse. Só caben o diálogo, a paz, o compromiso, á hora de conciliar posturas antagónicas. Non nos queda máis saída que a convivencia, lado a lado, cos outros. Hai que compartir espazos. Hai que persuadir. Hai que argumentar. Hai que convencer.

As ideas son hoxe en día as grandes armas de transformación social. Vivimos novamente a hora das armas da crítica –coma no XVIII, coma no século da Ilustración– e non a hora da crítica das armas –coma no belicista e tumultuoso século XX–. E con esas armas deberemos ser quen de parar as guerras, de acadar pactos, de atemperar a sobreexplotación, de preservar o medio ambiente e de loitar decididamente polo altermundismo. Porque outro mundo mellor si é posible. Pero xa non pode ser só cousa de algúns. Ten que ser cousa de moitos. Ten que ser cousa de grandes maiorías.

Por iso non se comprende moi ben, como a dereita española, segue empeñada en aceptar única e exclusivamente as súas posicións ideolóxicas propias. E non se entende que busquen a política do exterminio para os seus adversarios políticos. Falta de hábito convivencial? Instinto de defensa de privilexios inveterados? Ultramontanismo conxénito? Para Gaspar Llamazares, as manifestacións últimas en moitas cidades españolas non son máis que unha especie de autohomenaxe.

Maniféstanse para sentirse máis cos seus e entre os seus. E se só é por iso, aínda menos mal...

Dicía o outro día Almudena Grandes, que a esquerda só chegou ó poder dúas veces dende os tempos da República: no 82 e no 2004. Pois ben, independentemente das conquistas sociais prácticas acadadas nos anos que duraron eses gobernos socialdemócratas, levemente liberais ou mesmo duramente neoliberais –e aceptando que, en principio, foron auténticas aldrabadas populares e clamorosas chamadas de atención social–, parece que iso é “demasiado” para a nosa dereita. Por tanto, haberá que deixalos berrar...

Mentres tanto, precisamos unicamente de máis política social, máis educación e mellor sanidade. Sabemos que non se poden facer grandes cousas dentro deste sistema, pero haberá que intentar facer todo o posible. Haberá que tirar do carro dende posicións de esquerda. Estamos nun tempo e nun lugar onde só é posible a reforma. Vivimos na reforma permanente. E tampouco pedimos máis, polo momento.

Porque, como gobernar hoxe nun mundo economicamente desenvolvido sen recorrer ao consenso? Como é posible que alguén, nun mundo así, se instale permanentemente no disenso? Manuel Vicent defendía este domingo na súa columna xornalística que, en España, os moderados sempre foron os verdadeiros heroes da nosa historia contemporánea. Hoxe, pensamos nós, máis que heroes, son a maioría, son o famoso centro do espectro político. Por iso gañan as eleccións.

Así pois, polo camiño que leva, a dereita española, vai sen rumbo nin control. O presidente José Luis Rodríguez Zapatero segue a facer gala de talante e sabe escoller os momentos xustos para tomar as súas decisións. E mentres tanto, a crispación pronto vai deixar de darlle réditos a Mariano Rajoy. Nas próximas eleccións municipais, as xentes dos pobos de España teñen a penúltima palabra.

Coordinación: A.R. López, S. Noia, Montse Dopico. Diseño: Signum.



22 MARZO DO 2007 - NÚMERO 661

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



OS SENTIDOS DA CULTURA


Félix Duque/Slavoj Žižek

O baleiro do humanismo neoliberal que critica Félix Duque e a alianza de loitas que, fronte á alianza de civilizacións, preconiza Slavoj Žižek abriron estas últimas semanas *Os sentidos das culturas*, un seminario interdisciplinar co que o Consello da Cultura Galega trata de esculcar os significados da Cultura na contemporaneidade. O obxectivo do seminario, articulado por Ramón Máiz, é afrontar os debates e as investigacións máis recentes arredor das plurais nocións e prácticas da Cultura en diferentes ámbitos, desde a filosofía á antropoloxía pasando pola arte. Trátase tamén de pensar e contribuír, –e desde Galicia– no esclarecemento de respostas posibles nun tempo marcado por

Duque/Žižek: dúas respostas aos desafíos

acelerados procesos de transformacións e desafíos. O ciclo continuará nos meses próximos coas intervencións de Alberto Ruiz de Samaniego (26 de abril), Francisco Jarauta (3 de maio), Héctor Díaz Polanco (28 de xuño), Máximo Cacciari (11 de outubro), e aínda Ernesto Laclau, John Keane, Darío Villanueva ou José Antonio Fernández de Rota. Revista das Letras contibúe á difusión das ideas até o de agora expostas cun monográfico onde o periodista **Xosé María Palmeiro** –testemuña de excepción do ciclo– sintetiza as conferencias de Duque e Žižek. Os textos completos das intervencións poden lerse e descargarse integramente no sitio especial (*Os sentidos das culturas*) aberto para este seminario na páxina www.consellodacultura.org.

O foro sobre *Os sentidos da cultura* abriuse no mes de febreiro coa intervención de Félix Duque, catedrático de Filosofía da Universidade Autónoma de Madrid. Duque, que atacou a propaganda do humanismo fomentada polo neoliberalismo e o seu “imperio democrático”, reflexionou sobre a estreita relación entre a construción da cidade e a formulación do pensamento, ao tempo que criticou a sacralización do movemento. O que segue é un detallado resumo da súa disertación.



O neohumanismo e a non cidade

Félix Duque considera o humanismo como un concepto susceptible de xerar malentendidos (resulta complicado atopar a alguén hostil a un hipotético ideal humanista) e interpretacións, senón contraditorias, cando menos confusas e no peor dos casos tautolóxicas. O lema no que se fundamenta calquera concepción humanista pode resumirse deste modo: ‘cada home é o Home’. O humanista opta por atribuír as maiúsculas ao ‘Home’ como predicado fronte ao individuo ou a suxeito en concreto. O home en abstracto é adornado por unha serie de cualidades e virtudes precedidas polo prefixo ‘auto’.

Deste modo, o Home é un ser autónomo, autosuficiente e plenamente responsable das súas opinións, ideas e accións. Pola contra, cada home entendido como ser humano concreto, e segundo a Declaración dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas, debe ser respetado con independencia de raza, credo, lingua e outras circunstancias particulares. Isto sitúanos fronte ao dilema de se debemos respetar ao outro a causa das súas particularidades ou precisamente a pesar das mesmas. É dicir, ¿é posible o respecto mutuo entre dous homes con diferenzas no tocante a súa raza, o seu credo, ou a súa lingua? E no caso de contestar afirmativamente, ¿como é posible superar eses diferentes xeitos de estar no mundo para chegar a situármonos nun marco de entendemento?

O enunciado “cada home é o Home” amosa, baixo a luz dos anteriores interrogantes, toda a súa carga tautolóxica e contraditoria. É tautolóxico porque, tanto con respecto ao suxeito, como con respecto ao predicado, despóxaselle ao home dos rasgos sen os que a súa vida non pode ser comprendida e tampouco vivida. Resulta evidente que cada home contempla o mundo tendo en conta as súas

particulares características en canto a xénero, raza e clase social.

■ Unha concepción teleolóxica da historia

Coa excepción da repetición de que o home é un animal racional, o humanista rexeita as particularidades susceptibles de relativizar o concepto de Home. Esta concepción, aparentemente inocente e neutral, revélasenos como moito máis complexa, cunha carga subxectiva e ideolóxica claramente presente. Para que o Humanismo se manteña en pé é necesario partir dunha concepción teleolóxica da historia (na cal está implícita a idea de progreso) que sosteña, de forma máis ou menos disimulada, a creenza na preeminencia de certas persoas, grupos ou estados nacionais. Nesta idea de primacía subxace una clara tendencia imperialista: se eles, quenqueira que sexan, se amosan renuentes a asumir plenamente a súa condición de Homes, reservámonos o dereito de empregar a forza para que se incorporen á verdadeira civilización. Noutras épocas históricas empregáronse distintos termos para referirse ao principio que representaba o xeito de acceder a esa universalidade chamada home. Os conceptos de *volksgeist*, raza superior ou o ideal socialista representaron diversos modos de expresar o universalismo tan característico do home contemporáneo.

Para Félix Duque o ‘Neohumanismo’ é a doutrina que establece o seguinte siloxismo: “Este home é universal por ser norteamericano ou afín”. Esa forma de pensar está representada pola *American Humanist Association*. O presidente desta afirma que o humanismo é unha filosofía para a xente que pensa por si mesma, para os namorados da vida, e engade que rexeita a fe arbitraria e os estados alterados de conciencia. Parece difícil non decatarse

da vacuidade destas afirmacións. Moi poucos estarían dispostos a aceptar que non pensan por si mesmos, e no tocante á fe arbitraria, resulta moi difícil distinguila da fe non arbitraria. Facendo referencia a autores como Niall Ferguson e Joseph S. Nye, segue o filósofo a línea argumentativa da lexitimación do imperialismo democrático levado a cabo por Estados Unidos nos últimos anos, sinalando algunhas das súas particularidades fronte ao imperialismo clásico. A principal é a crecente relevancia dos actores non estatais (empresas transnacionais e organizacións non gobernamentais) e as maiores posibilidades de interconexión entre cidadáns de diferentes partes do mundo. Entre os extremos de caos internacional e o imperio democrático ábrese paso dende hai décadas, non sen dificultades, unha alternativa formada por unha serie de estados dispostos a ceder partes crecentes da súa soberanía, e decididos non só a construír un espazo común, senón a gobernarse e vivir conxuntamente: é o caso da Unión Europea. Se Europa é capaz de integrar a Turquía reforzará a tendencia contra o Neohumanismo para salvagardar a dignidade do home e manter a súa privilexiada posición de mediadora entre culturas.

■ Diferenzas entre Estados Unidos e Europa

Cabe preguntarse se as diferentes concepcións do mundo de Estados Unidos e Europa se materializan no xeito de habitar a terra. Dentro das similitudes froito da pertenza a unha mesma civilización, a da absolutización da Técnica, existe unha distinción fundamental entre as dúas beiras do Atlántico no xeito de ocupar o territorio.

Os americanos decántanse por dúas formas antitéticas de edificación: por unha banda, a dispersión en “mancha de aceite” con casas unifamiliares formando conurbacións; por outra, a concentración no Downtown, o centro da cidade, de grandes torres-rañaceos, unidas por postigos aéreos ou por corredores subterráneos. Por outra banda, as cidades europeas tenden a conservar, e en certas ocasións a inventar, aquilo digno de ser conservado, a superposición, xuxtaposición e mesmo a destrución dos distintos estilos arquitectónicos. O exemplo máis evidente deste *hiperconservacionismo* sería a Vella Cidade do Núcleo Histórico. É tamén significativo que en Europa os grandes centros tecnolóxicos se encontren fortemente conectados coas grandes metrópole. Nos Estados Unidos téndese a separar os centros tecnolóxicos das grandes cidades. Créase de tal xeito unha confrontación entre unha situación de dispersión no medio da Natureza, e o arraigo na Terra, por medio dunha lenta e continua sedimentación de estilos e modos de vida distintos. Sostén Félix Duque a evidencia de que o *american way of life* correspóndese mellor co Neohumanismo citado que co Neohistoricismo europeo. Falamos dun Neohumanismo composto por individuos tan narcisistas psíquicamente como mercantilmente intercambiáveis, tan ávidos dunha estética contemplación da natureza como plenamente desarraigados da terra natal; en suma, tan sobrados de técnicas como faltos de mitos e historias. A partir do legado que os europeos levaron a América xorde a Mépole, a non cidade actual repartida polos Estados Unidos. A Mépole ten a súa orixe nunha dobre obsesión: a pureza xeométrica dos sólidos regulares, e a veneración pola máquina. Ámbolos dous trazos son a súa vez froito de dous dos grandes “renacementos” do

Humanismo: o artístico italiano do *Quattrocento* e o tecnocientífico anglosaxón do século XIX. A orixe destas dúas obsesións atopámola no terror do home á imprevisibilidade da terra, sempre susceptible de xerar monstros, dun ou doutro tipo. Un dos exemplos máis evidentes desta tendencia é o da *città ideale* proxectada pola escola de Piero della Francesca. A súa impronta sosegada, xeometrizar e rectilínea acábanos resultando inquietante, pois na cidade que representa o triunfo do ideal humanista o home está ausente. Isto achéganos de novo ao dilema entre o home concreto, con todas as súas imperfeccións, e o Home en abstracto, perfectamente autónomo e autosuficiente. Cabe preguntarse se a cidade ideal pode ser habitada polos homes.

Repasemos agora as características desta arquitectura de inspiración neohumanista “que parte das cousas para retornar as cousas”:

1) Minimización das diferenzas entre “arriba” e “abaixo” en estreito paralelismo co minimalismo na escultura.

2) Estabilidade plena, acabado do edificio en e para si, superando as formas naturais, inextricablemente enlazadas unhas noutras.

3) Falta absoluta de contextualización e ruptura de toda vinculación do edificio coa paisaxe ou coa historia.

4) Os edificios que seguen os ditados humanistas tenden a amosar un carácter móbil, compostos por elementos montables e reformulables.

■ Construír cidade e formular pensamento

En resumo, e tras subliñar a cartesiana e estreitísima semellanza entre a construción da cidade e a formulación do pensamento, Félix Duque plantexa a necesidade de continuar explorando a sempre complexa relación entre o ser humano, a arquitectura e o contexto non sómente natural ou xeográfico, senón tamén histórico e cultural. Quizais isto sirva para achegármolos a unha terceira vía entre a tendencia europea, co seu compoñente de simulacro e a estadounidense, caracterizada pola ausencia de espazos públicos de encontro.

Se con Martin Heidegger sabemos que filosofar quere dicir: existir dende o *fondo*, o filósofo pregúntase agora se a arquitectura e a configuración actual das nosas cidades teñen ouvidos que atendan o xordo marmurio dese traballado *fondo* ou se, pola contra, seguiremos oscilando entre o utilitarismo e o ornamento, entre o técnico e o lúdico ‘ad maiorem hominis gloriam’. En definitiva, sómente se trataría –nada menos– de prestar atención a algo mínimo. A algo que, a través de Séneca, non deixa de solicitarnos a Natureza mesma. Recordemos: ‘natura minimum petit’ (a Natureza reclama o mínimo).

Por esa nimiedade, por esa fisura mínima vai resquebraxándose a estólida figura do neohumanismo. ¿Será posible, a este respecto, tocar *fondo* algún día? Se Heidegger deixou dito que proxección é retroreferencia, que debemos saber dar un paso atrás para proxectar algunha luz sobre o inmediato futuro, deberemos intentar captar os rumores de fondo dos tempos para facer habitable a terra.

Deste xeito quizais poidamos agardar, con serenidade, sen aspaventos e sen facérmonos ilusións, un tempo que saiba escoitar a sentenza senequista e a enlace cunha transparencia arquitectónica que permita ver o fondo como tal fondo.



Tolerancia cultural como ideoloxía

Ante unha sala ateigada de xente, o teórico político e crítico cultural esloveno Slavoj Žižek pronunciou a segunda das conferencias baixo o título *Tolerancia cultural como ideoloxía*. A fama de provocador que precedía a este novo fenómeno da esquerda europea non defraudou os asistentes. Nado en Lubliana no 1949, Žižek dirixe o Center for Advanced Studies in the Humanities do Birbeck College de Londres. O seu pensamento, que parte dunha orixinal relectura de Lacan, Hegel e Marx, desafia con profundidade e sentido do humor teses dominantes no mundo contemporáneo como o multiculturalismo, a fin da historia ou a era postideolóxica. Sobre todo iso e algo máis reflexionou, non sen paixón, na súa brillante conferencia.

Slavoj Zizek amosou a súa visión crítica do multiculturalismo liberal, coa súa tendencia a aborda-los problemas de convivencia da sociedade actual baixo o prisma da tolerancia e non como problemas de desigualdade ou inxustiza. Esta *culturalización da política* intenta “naturalizar” diferenzas de orixe política ou económica, contribuindo a consolidar a tendencia á despolitización tan típica da posmodernidade. Debemos reivindicar unha *politización da cultura* (Walter Benjamin) fronte ás tendencias despolitizadoras, derivadas en boa medida do fracaso das propostas emancipatorias, exemplificadas no caso dos reximes comunistas ou na crise do Estado de Benestar. O cultivo da tolerancia como política baséase no rexeitamento da política como un terreo no cal as demandas dos cidadáns son non sómente canalizadas, senón articuladas e modificadas no mesmo proceso político. A tolerancia pasa a ser un elemento neutralizador dos conflitos políticos; pódese afirmar que se converte nun sucedáneo pospolítico. Nada expresa mellor a inconsistencia do multiculturalismo liberal que a identificación entre cultura e natureza; a cultura é interpretada como algo fixo, non como algo continxente e susceptible de mudar segundo as circunstancias políticas, económicas ou froito da evolución lóxica á que está suxeita calquera comunidade. Esta simplificadora visión da realidade ten a súa máxima representación no choque de civilizacións do que fala Samuel Huntington. Esta visión vese completada pola tese da fin da Historia (Fukuyama) que, segundo Zizek, configura a nosa perspectiva da realidade aínda que non nos decatemos.

■ Etnocentrismo

A oposición básica na que se apoia a visión liberal é aquela que se dá entre individuos pechados na súa cultura e os que non son capaces de situarse por riba da mesma. Estes últimos son capaces de escoller libremente a súa cultura, mentres que os primeiros vense limitados dentro da súa. Esta dicotomía ten un marcado carácter etnocéntrico, considerando a Occidente como portador do sentido histórico do home e concebindo as outras culturas como erróneas no mellor dos casos ou mesmo como perigosas e/ou prescindibles. Pódese resumir en que o multiculturalismo liberal quere un “outro” que non cheire mal. Se temos en conta que cada individuo ten que estar particularizado, ten que situarse nunha cultura concreta, o único xeito de afrontar esta contradición é escindir o individuo entre universal e particular, público e privado. Se consideramos que a cultura é por si mesma unha fonte de intolerancia, concluímos que o único xeito de evitar isto é extraer a esencia universal do suxeito. Remitíndose a Foucault, Marx ou a autores máis recentes como Wendy Brown, Zizek critica a cultura capitalista occidental por centrarse fundamentalmente na autonomía e na liberdade individual e relegar outros valores como a solidariedade ou os vínculos coa comunidade. A pesares da súa crítica da cultura occidental, Zizek non dubidou en sinalar os seus aspectos máis dignos de eloxio. Remitíndose ao *Libro de Xob*, afirmou que a civilización xudeo-cristiana elevou a dignidade do individuo, outorgándolle un senso trascendental o sufrimiento humano.

A actitude típica respecto das mulleres musulmás que levan veo é a de considerar que

poden facelo se toman libremente a decisión e non é unha opción que lles veña imposta polo a súa contorna familiar. Se o levan por vontade propia, muda radicalmente o seu significado: xa non é un símbolo de sumisión, senón unha mostra de pertenza a súa comunidade cultural e relixiosa. Sucede o mesmo no caso dun granxeiro chinés que come comida chinesa como é tradicional na súa vila, e un cidadán occidental que decide ir cear a un restaurante chinés. A conclusión é que a escolla é sempre unha meta-escolla, unha escolla con respecto á modalidade da escolla mesma. Non se trata sómente de aprender normas de conduta, senón de saber baixo que circunstancias se poden deixar de aplicar as normas aprendidas.

■ Descartes e Kant

A base filosófica do suxeito liberal é o suxeito cartesiano, especialmente na súa versión kantiana. Un suxeito capaz de saír das súas particulares raíces socio-culturais e de afirmar a súa autonomía e universalidade. Xa non estamos ante un individuo pechado na súa cultura; debemos recordar a afirmación hegeliana de que nada humano é únicamente natural. No mesmo sentido, a posición da dúbida universal de Descartes garda non poucas similitudes coa experiencia multicultural de percatármonos de que a nosa concepción do mundo non é a única razoable. De todos os xeitos, non debemos esquecer que a conciencia da propia limitación só pode emerxer no contexto de autonomía e racionalidade propugnado polo liberalismo. Se ben é certo que a nosa liberdade de elección funciona en ocasións como un xesto formal de consentemento da explotación, seguindo a Hegel debemos afirmar que a forma importa, que ten autonomía e eficiencia de seu. Facendo referencia á ética kantiana, mencionou a súa potencialidade para xerar unha certa renuncia á responsabilidade do individuo. Baseándose nun sentido estrito do cumprimento do deber, fixo referencia ó traballo de Hannah Arendt “Eichmann en Jerusalén”. Aínda que isto se fundamenta nunha mala interpretación do ideal kantiano, pois somos responsables por aquilo que aceptamos como o noso deber.

A pesar de admitir certa validez da interpretación marxista dos dereitos humanos como unha máscara que oculta os intereses dunha determinada clase social (a burguesía) para explotar aos traballadores e exercer a dominación política, isto é só a metade da historia. Neste caso o ser do suxeito é experimentado como algo continxente, pois aquilo que o define é a súa capacidade abstracta para traballar. De aí que a moderna noción de profesión soamente teña sentido no mundo capitalista, e se ben dicimos que un individuo exerce a profesión de mestre ou electricista, non tería sentido calificar o servo medieval como labrego de profesión. Non abonda con sinalar o argumento marxista a propósito da distancia entre a aparencia ideolóxica da forma universal e os intereses particulares que a apoian. Debemos ter en conta a réplica formulada por Lefort e Rancière, de que a forma non é só unha forma, senón que ten unha dimensión de seu que lle permite influír na realidade social.

■ Tolerancia e igualdade

As liberdades burguesas contribúen decisivamente a poñer en marcha ou a acelerar procesos xenuinamente políticos que conseguen introducir modificacións substanciais nas condicións de vida



e de traballo de moi diversos grupos; en definitiva, nas súas oportunidades para levar a cabo os seus proxectos vitais. Unha poderosa razón para non desprezar a importancia da dimensión política é que, sexa cal sexa a ideoloxía dos actores en cuestión, calquera grupo intenta facer oír a súa voz nos procesos de configuración da axenda política e mediática. Temos un exemplo claro disto no proceso de reivindicación dos movementos feministas ou obreiros; non debemos esquecer que o núcleo da súa loita pasaba por acadar recoñecemento legal para as súas reivindicacións, non reclamaban tolerancia, senón igualdade. En contraposición con moitas das actuais correntes multiculturais, Martin Luther King non esixía tolerancia ou recoñecemento cultural, senón xustiza social e oportunidades de integración. Non debemos esquecer o concepto de “eficiencia simbólica” empregado por Levi-Strauss, a aparencia de *egaliberté* non é unha mera ilusión que oculta unha desigualdade de feito.

O momento decisivo de calquera loita teórica é aquel no que a universalidade xorde fóra do seu particular mundo vital. Non é certo que nos atopemos inexorablemente enraizados no noso contexto particular e que vexamos a universalidade somente a través do noso particular prisma: o momento crucial ten lugar cando o universal xurde a partir do contexto particular.

A universalidade non é allea ao contexto particular senón que se atopa inscrita nel, aféctao dende o seu interior; a identidade particular vese escindida entre a súa dimensión particular e a súa dimensión universal.

Marx xa sinalou a capacidade de Homero para trascender o seu contexto histórico e falar para tódalas épocas. Quizais a maior proba da grandeza dunha obra de arte sexa a súa capacidade para manterse viva unha vez trasladada fóra do seu contexto orixinal. Fronte ao tópico de que para comprender unha obra de

arte é preciso coñecer o seu contexto histórico, debemos descontextualizar a obra, extraela do seu contexto orixinal.

■ Alianza de loitas

Pódese dicir que calquera universalidade está impregnada por un contido particular que a contamina; que calquera posición particular está enfeitizada pola súa implícita universalidade que a socava. O capitalismo actual é universal de seu, e desgasta tódalas culturas particulares e tradicións, implicándoas na súa voráxine. Temos que darlle a razón a Badiou cando afirma que o noso tempo está desprovisto de mundo: o capitalismo non é un universo cultural particular senón unha máquina neutral económico-simbólica. A particularidade do capitalismo non é o seu sesgo eurocéntrico, senón o feito de que é verdadeiramente universal, é unha matriz neutral de relacións sociais.

Este argumento é válido para a loita emancipatoria, a cultura que intenta defender a súa identidade particular ten que reprimir a dimensión universal, a diferenza entre o particular e o universal que o desestabiliza dende dentro. A fórmula da solidariedade revolucionaria non é “deixádenos tolerar as nosas diferenzas”, senón “a pesares das nosas diferenzas, podemos identificar o antagonismo básico, no que ambos estamos implicados, así que compartamos a nosa intolerancia, unámonos na mesma loita”. Na loita emancipatoria non son as culturas ou as identidades as que se unen nunha loita compartida.

Debemos construír unha alianza de loitas, non de civilizacións. Zizek considera que o obxectivo das forzas emancipatorias debe ser xerar universalidade, pero sen que iso implique termos que renunciar aos nosos particulares sinais de identidade. Recomendoulles aos galegos non caer nos pseudodilemas liberais, e invitounos a contribuír á universalidade valéndonos da nosa particularidade.

As fotografías do monográfico corresponden á conferencia de Félix Duque no Consello da Cultura (páxina 3), a conferencia de Zizek (que aparece xunto a Ramón Máiz, director do ciclo na páxina 5) e nesta páxina, unha muller nunha manifestación antikapitalista en Moscova

Coordinación: A.R. López, S. Noia, Montse Dopico. Deseño: Signum.





29 MARZO DO 2007 - NÚMERO 662

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



DRAMATURGOS
M. Lourenzo/G. Pernas/X. Pisón/Roi Vidal



Nos últimos anos, xurdiu en Galicia unha nova xeración de dramaturgos que, por vez primeira na historia do país, se enfrontan á escrita teatral desde unha certa normalización. O crecemento no número de títulos, a aparición de autores con marcada personalidade e a consolidación de propostas singulares non serviu, porén, para que as compañías galegas aposten por eles como figuras fundamentais do seu traballo. Revista das Letras contribúe ao Día Mundial do

que se celebrou o pasado día 27, cun monográfico onde se recollen os traballos de catro dramaturgos, algúns auténticos forxadores do xénero en Galicia (como Manolo Lourenzo) e outros (Gustavo Pernas e Xesús Pisón) que conforman a xeración do recambio. Canda eles, aparece a aposta de Roi Vidal, autor que se deu a coñecer, precisamente, nas páxinas deste suplemento de 'Galicia Hoxe' e que anuncia xa as liñas do futuro para os nosos escenarios.

Manolo Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) pertence á caste dos dramaturgos lendarios, os homes e mulleres dos tempos heroicos que forxaron desde o baleiro a realidade actual do teatro galego. A veteranía, porén, non lle impide a Lourenzo manterse en primeira liña do activismo, con proxectos como Casahamlet, unha compañía que herda a liña de resistencia e combate que noutro tempo tiveron a Escola Dramática Galega ou da Sala Luís Seaone. Lourenzo publicou máis de sesenta pezas, dirixiu máis de cincuenta espectáculos –o último ‘Historias Troyanas’– e protagonizou numerosas montaxes, películas e series de televisión. Como tradutor, a el se lle debe que hoxe gocemos en galego de autores como Goethe, Fassbinder ou Müller, e de que viramos nos nosos escenarios os grandes clásicos gregos.



Non vos necesito

Manolo Lourenzo


*Apartamento. Desorde. Sangue nas paredes.
O RAPAZ, a falar polo móbil.*

RAPAZ

Non, mellor non veñas. Estou ben. Non te movas de aí. Ti tamén estás ben. Estamos ben. Mellor, falamos polo móbil, así non hai contacto. Ninguén pode acusarnos de nada. Somos inocentes. Somos independentes. Libres. Agora si que teño espazo para respirar. Antes, con toda a xente, non podía. Tiña que buscar un cuarto para min. Aquí afogaba. Na casa eramos tres, e eu afogaba. Unha invasión. Agora elas van no río. Guindeinas pola xanela de atrás, a da cociña, que dá xusto á trituradora. Por fin, espazo para respirar. Primeiro tiven que matalas, claro. Puxéronse moi pesadas con que o sitio chegaba para os tres, que até agora viñera chegando e que aínda podían prescindir dun metro ao meu favor, que me querían, que eramos dun sangue, que non lles podía facer iso, etcétera. O peor de todo, as paredes. Non había nin un mes que as pintara e xa están outravolta que non valen para ver. E de vermello, co que custa desfacerse do vermello. Non importa. Agora teño a miña liberdade, e iso si que non se paga. As cousas andan por aí, en caixas. No armario, debaixo da cama, amoreadas contra a porta. Acabouse. Vou levar o computador para a mesiña, coa columna musical. E xusto diante da cama, o televisor, os deucedés e o playstation. E as paredes, tapizadas de Iggy Pop e X. C. en taparrabos. E silencio. Non ao barullo exterior. Non quero ouvir máis o exterior. Stop. Acabáronse os ruídos de aí fóra. Non máis voces, resultan lacerantes. Eu sempre adorei a paz. Ninguén ao meu redor. Eles son moitos e non teñen ningún código. Todos os que andan por aí fóra acaban resultando perigosos. Mellor, pechado. Así ninguén me pode facer mal. Eu, a traballar no meu: a banda deseñada. Xa

mandarei as novidades polo medio habitual. E pedirei as pizzas e as bebidas por correo. Que me deixen as cousas onde a porta: a roupa, as medicinas cando as precisar, os preservativos. Non, os preservativos non, xa non os vou necesitar. A min non me interesan as persoas. Nin sequera ti. Non vos necesito. (*Abre a xanela. Berra:*) Non vos necesito! (*Torna a pechala. Desliga o móbil. Senta, satisfeito no sofá.*) Vou facer unha palla, para celebrar que estou consciente.

Gustavo Pernas Cora (Viveiro, 1959) converteuse nos últimos anos no dramaturgo estrela de Galicia, cunha escrita que atopou personalidade propia nas latitudes do absurdo. A súa última obra, 'Final de película', é o exemplo máis exacto dos seus presupostos dramáticos, marcados por unha realidade de lindes difusos e psicoloxías de identidade inestable. Con Ancora Producións, a compañía que dirixe xunto a Ánxela G. Abalo, Gustavo Pernas desenvolveu unha das traxectorias máis persoais dos escenarios galegos. Desde o seu debut en 1990 con 'O galego, a mulata e o negro', Ancora demostrou que é unha das propostas de maior coherencia e calidade no país.



90 cabalos

Gustavo Pernas

O home e a muller están sentados en dúas confortables butacas de salón. Teñen as pernas cruzadas e os seus brazos apoiados sobre os repousabrazos das cadeiras. Hai certa distancia entre eles. Miran á fronte, fría, inexpresivamente. Ás veces deixan escapar leves chispas de emoción.

HOME.- Facémolo?
MULLER.- Nunca nos dá tempo.
HOME.- Desta vez, si. Veña, muller!
MULLER.- E o teu coche?
HOME.- A última vez non foi o meu coche.
MULLER.- Sempre aparece, sempre...
HOME.- Dálle, vamos, dálle!

A muller dubida un instante, logo preme un botón dun mando a distancia. Os dous cruzan as pernas para o outro lado. Soan en off respiracións entrecortadas e xemidos de pracer.

HOME.- Mira, mira como che arrinco a camiseta...
MULLER.- Xa chegamos aí?
HOME.- Non che gusta?
MULLER.- Pois... Ai! Con que paixón me bicas!
HOME.- Voute comer toda. Ui!
MULLER.- Vas moi rápido e rematarás pronto.
HOME.- Mira como te collo polas coxas. Zaca!
MULLER.- Mmm! Como che paso eu a lingua polo peito.
HOME.- Buff!... Creo que te penetrei.
MULLER.- Xa? (Esculcando) A ver... É probable... É posible... Ahh!
HOME.- É... evidente! Mira!
MULLER.- Vaites! Un bo anaco de carne...!

O home e a muller separan as pernas... un pouco. Seguen a mirar á fronte.

HOME.- Un... dous... tres... catro...
MULLER.- Que contas?
HOME.- As veces que...
MULLER.- Daranos tempo?
HOME.- Non vas aguantar moito máis. Ei!
MULLER.- Ha! Se apuro é porque ti vas rebentar, mira como estás.

HOME.- Nove, dez, once...
MULLER.- A modo, vai a modo.
HOME.- Non depende de min.
MULLER.- Aínda non, aínda, non! Sigue!
HOME.- Si... Ahhh!...
MULLER.- Veña, veña, máis, máis!
HOME.- Cambiamos de postura?
MULLER.- Agora non pares... Grrr!
HOME.- Creo que toca por atrás.
MULLER.- Por atrás? Non, eu non quero por atrás.
HOME.- Sempre é así.
MULLER.- Non é certo.
HOME.- Gustarache, xa o verás.
MULLER.- Non, un pouco máis e...
HOME.- Dá a volta, dá a volta, por favor!
MULLER.- Non. Sigue, sigue... aah! Moi ben, así!!...
HOME.- Uff!
MULLER.- Non, non, aahh!
HOME.- Agh, Whoff!

O motor dun coche interrompe os xemidos de pracer.

MULLER.- Non!... O coche, outra vez o coche!
HOME.- Si, ese é o meu coche. Noventa cabalos.
Ai, Ai! Mira como brúa... Grrr! Oi, oi, oi! Au, Uuuuh!
Fú, uff!

O home escarránchase no seu asento. A muller mira para el e cruza as pernas.

MULLER.- Excítache, non?
HOME.- Gústame correr... Buff, Agh!


A muller preme outro botón do mando. Cesan os sons en off. O home incorpórase no seu asento e cruza as pernas.

MULLER.- O teu fodido coche!

Seguen a mirar á fronte.

ESCURO

Xesús Pisón (Ferreira do Valadouro, 1954) fíxose actor aos 16 anos tras o forte impacto de ver unha representación de Strindberg. Desde entón, o teatro converteuse no alimento da súa vida. Vencellado estreitamente á Escola de Arte Dramática de Manolo Lourenzo, Pisón vai dirixindo progresivamente a súa carreira cara á escrita teatral, con case cincuenta títulos publicados, entre elas '¡Ei, Feidmüle!', 'Venus podre', 'Tatuaxes' ou 'Velenos'. A súa obra está marcada por unha continua busca de formas novas na expresión e na maneira de dicir os textos, apostando por formatos que, pouco a pouco, rompen o concepto e desenvolvemento canónico da literatura dramática.



Regreso e cloaca

Xesús Pisón

O REGRESO

Chámome Lois Pena Vázquez.
Nacín hai dezanove anos na Coruña.
Meu pai cobraba unha pensión de merda por un accidente de traballo.
Miña nai botaba o día a laiar como unha cadela.
Ao cumprir os quince anos funme da casa.
Botei dous anos en Madrid e un en Alcalá, no cárcere.
Cando voltei para a casa deille a meu pai douscentos euros que apañara nunha gasolineira.
El foise para o bar e non volveu nunha semana.
Meu irmán Pedro morrera de sida durante a miña ausencia.
Vanessa e Clara, miñas irmás, fóranse para Bilbao para faceren pola vida.
En canto eu fodía a miña nai, ela choraba tapando a cara coas mans.
Igual que facía cando fodía con meu pai.

Quero nenos abertos en canal, entendido?
O documental anterior foi un desastre.
Unha rata metérase na tubaxe onde durmían os nenos.
Trouxemos gasolina e quentamos a tubaxe para que o animal saíse.
E non saíu.
Non era unha rata, era un bebé.
O produtor suspendeu a rodaxe e deulle parte á policía.
Que é o que conseguiu?
Que dous nenos fosen para o cárcere e outro se suicidase.
A escena da rata fora un xogo.
Os nenos das cloacas tamén xogan.
O que queira filmar a vida que meta a cámara no cu.

A CLOACA

Non se trata de facer un documental máis.
Non se trata de contar unha historia dos nenos das cloacas.
Os telespectadores están atoados de merda.
É preciso facerlles vomitar.
Para iso cómpre conectarmos cos nenos.
Non tratalos como vítimas.
Facerlles ver que son iguais ca nós.
Eles son nenos, non é?
Pois xogaremos.
Un neno convértese en director, outro en cámara, outros en actores.
E non contan unha historia.
Ábrense.

Roi Vidal (Compostela, 1982) deuse a coñecer como escritor en Revista das Letras co poemario 'Amort', unha entrega que revelaba a súa paixón pola linguaxe e os seus xogos. Posteriormente, na revista 'Nova Ólisbos' publicou a súa primeira peza teatral, 'Retallos de vertedoiro', onde amosaba o seu interese polas propostas menos convencionais. Agora, presentamos o seu segundo texto dramático, unha nova visita ao tema de Edipo que coloca a Roi Vidal como un dos máis firmes recambios da literatura dramática do país. E para os que queiran saber algo máis del, non se perdan os concertos do seu grupo Ataque Escampe, actualmente en xira por Galicia. En Ataque Escampe el toca a darbuka.



A última tentación de Edipo

(Contada por Salustio e Jennifer, e como mestre de cerimonia a cidade de Tebas, personificada nun único individuo cuxo sexo fica sen especificar)

Roi Vidal

Teatro. JENNIFER pousa todo o peso da súa conciencia nunha cadeira de rodas. SATURIO, en pé. No proskenio, auga. Negro nas paredes. Pano vermello. O patio de butacas, baleiro. TEBAS contempla o que pasa.

JENNIFER: Eu fun Jennifer. A da boca aberta contra o patriarcado. A de húmido padal.

SALUSTIO: Non. Ti eras Edipo e sabías que non eras certo. Húmidos os ollos e seca a boca.

JENNIFER: Non. Eu era Jennifer a danzarina. A de arxentino tacto e canto de veludo. Era eu, Jennifer a muller con "M" forte agarrado entre as pernas. Non esquecín. Coñézome, e sei quen son.

SALUSTIO: Eras Jennifer a de caluga de lúa? Ti, a Madalena de Breogán?

TEBAS: Calade, irmáns! Temos visita.

Timidamente, comezan a entrar os primeiros espectadores no patio de butacas.

TEBAS (*Ao público*): Boas noites. Dentro duns instantes dará comezo a representación da obra 'A Madalena de Breogán'. A duración é dunhas catro páxinas aproximadamente. (*Mentres retoriza, entra un operario a retirar a cadeira de rodas na que sentaba JENNIFER, que fica en pé*). O tema, o dun personaxe que está disposto a todo con tal que a súa vida mude para sempre. A metamorfose ten lugar nun tempo imposíbel. Nunca, sempre, que máis dá? A acción transcorre en calquera sitio. Alén, xalundes, aquí. Tomen asento. Soen os mocos. Suban as petrinas e apaguen os teléfonos móbiles. A función vai comezar.

JENNIFER: "Eu son Edipo. Se mirades ben o caso, un inocente. Agora, vello e canso, déitome nas tebras, e elas arróupanme como unha nai arroupa o seu neno".

SALUSTIO: Cala, acomplexado! Ti serás quen eu decida mentres vivas baixo as miñas tellas e

inxiras sobre os meus manteis alimentos aliñados polos meus gurmetes.

JENNIFER: Eu son Edipo, por moito que decidas.

Edipo, o que matou o pai na encrucillada...

SALUSTIO: (*Burleiro*) Na encrucillada da Historia!

Unha historia contada do revés para un público que non existe ou non quere ver.

Séntense tusidos provenientes do respectable.

JENNIFER: Eu son Edipo, o que venceu con mil cerebros a cambadela da Estatua...

SALUSTIO: E mil cerebros son os que te atormentan cando non turras dos ollos e procuras almofada.

JENNIFER: Eu son Edipo, o que casou coa nai e foi rei dos tebanos até... E foi rei dos tebanos até...

SALUSTIO: Calas agora, Edipiño? Segue a túa frase, se é que podes aturar o cheiro baixo a túa saia.

JENNIFER: ...o que casou coa nai e foi rei dos tebanos até...

TEBAS: (*Aos actores*) Con licenza. (*Ao público*) Neste punto da mascarada, chegados somos ao quid da cuestión, que será ou non será dependendo do grao de agudeza cranial do que dispoña o respectábel...

SALUSTIO: Dío, covarde! Dío, meniña! Até que caeu aos teus pés o pardo do Breogán e non puides aturar a súa postura de besta, o seu dicir de chourizo e o seu andar arrabaldeiro.

TEBAS: Que entre o tremoia!

Dunha corda pendurado entra Breogán o Tremoia como un Tarzán do Teatro.

BREOGÁN: Coidado, que vai!

BREOGÁN cae na piscina de auga que fai proskenio. A humidade faille do corpo unha

Coordinación: A. R. López, S. Noia, Montse Dopico. Deseño: Signum.

protesta contra xastres e tecedeiras.

JENNIFER (Salouca): Polas babas dos sapoconchos e as pirolas dos toureiros! Si, recoñézoo: chegou Breogán co seu peito lobetoso e púxoseme a min de punta todo. Mais xuro polas miñas fillas que impedir non impedín, mais non é que non intentase evitar que se me fosen os beizos contra o meu Bregón potencial e feituco.

SALUSTIO (Agresivo): Non xures en van e menos por personaxes que non actúan aínda e han de estar maquiándose. Esta noite toda a carga dos tempos entra na túa valixa. Unha vez máis, ti, o inconsciente. Avergóñate!

JENNIFER (A chorar): Unha vez máis, eu, o inconsciente, avergóñome!

SALUSTIO: Ti, o home que non é o home que pensa ser. O home que non quere saber que home é realmente.

JENNIFER: Eu, o home que non é o home que pensa ser. O home que non quere saber que home é realmente.

SALUSTIO: Avergóñate ante os homes que te amaron sen te ofender: Sófocles, Heiner Müller, Manuel María, Cunqueiro...

JENNIFER: Avergóñome ante os homes que me amaron sen me ofender: Sófocles, Heiner Müller, Manuel María, Cunqueiro...

TEBAS (*Ao público*): E agora, facede uso das pálpebras os que non aturedes a visión do sangue.

JENNIFER (*Tira unha faca do cinto e érguea segundo recita*): Avergóñome! Avergóñome! Avergóñome!

SALUSTIO: Avergóñate! Avergóñate! Avergóñate!

JENNIFER baixa até a entreperna a súa man armada co gume fatal. Sangue. Seme. Ouriños. E o fálico símbolo latexando sobre o parqué.

SALUSTIO: E dicías que eras Edipo e outra vez erraches. Penoso verme noxento! Balteira canalizada! Madalena a suspirar polo Negrito do Cola-Cao! Por Breogán o tremoia gañán!

JENNIFER (*Desfeita no corpo e na identidade de xénero*): Breogán, o meu amado Breogán! Por ti fixen tal cousa. E xa ninguén nos ha estorbar.

SALUSTIO: (*Agarra con vehemencia a cabeza de JENNIFER e fódea pola boca*) Mámama! Agora que non es home e non terás culpa! Deixa que che ensine eu a facer o que por falta de atrevemento onte non eras quen de practicar. O que soñaches con lle amosar ao teu paifoco tremoia, deixa que cho aprenda como el sabe o teu pai primordial. (*Fode nela ate que a pode a tose*) Mámama! Agora que non es home e non terás culpa! Mámama! Jennifer! Transexual!

JENNIFER golsa o que lle queda de home e SALUSTIO o que lle falta de maricón. Logo vai BREOGÁN onda ela e abrázaa.

BREOGÁN: Que fixeches, meu rei? Edipiño, miña xoia. Privaste do que eu máis amaba do teu ser.

JENNIFER: Fágoo para non traizoar a Historia. Edipo non era marica. Eu era Edipo. Antes que marica preferín ser muller. Agora xa non son Edipo nin marica. O meu nome é Jennifer, e quero ser a túa Madalena até que me redimas de tanto ser ou non ser.

BREOGÁN (*Laiándose*): Eu amaba o rei de Tebas. Amaba o home que usaba dúas patas, logo de utilizar catro e antes de se valer de tres. Eu amaba Edipo, pero

Edipo xa non é.

JENNIFER: Breogán, meu homiño, eu sigo sendo eu, Edipo. Só coa diferenza de que no canto de home son muller.

BREOGÁN: Non. Edipo non é muller. Non es Edipo no corpo, que é dunha tal Jennifer.

JENNIFER: Breogán, son eu, Edipo!

BREOGÁN: Jennifer, para min sempre serás Edipo. Edipo, para min nunca serás Jennifer.

JENNIFER (*Máis que berro, estrondo*): Non! Eu era Edipo. Mais non souben, nin puiden, nin quixen ser!

BREOGÁN (*Aos técnicos*): Baixade as luces. (*Ao público*) E vós, todo isto dávos morbo ou que?

BREOGÁN bica por primeira vez a JENNIFER e a EDIPO por última vez. Despois inicia a fuxida polo Exeo simbolizada na súa entrada na lagoa que constitúe o proskenio.

JENNIFER (*Resignada*): Tes razón, Breoganiño! (*Comeza a agatuñar até a auga, camiño de Breogán*) Agora sonche un outro home, ou medio muller, ou cousa rara, monstro, talvez. Por ti. (*Somérxese na auga tinguindo de vermello a acristalada materia*) Agora son Jennifer a danzarina. A de arxentino canto e tacto de veludo. Agora son Jennifer a muller que leva un “M” forte agarrado entre as pernas. Por ti, Breogán, é por ti que eu me afeminei! Agora sei quen son e quero ser! (*Afoga*)

BREOGÁN despídese sen amabilidade deixando a JENNIFER augada na piscina e remata a traxedia co corpo deste home-muller de entreperna ensanguentada flotando sobre un mesto líquido noxento de vermello coagular.

TEBAS: E este foi o conto dun home que non quixo ser o home que era porque non sabía que home quería ser, até tal extremo que colleu unha faca do cinto e converteuse a muller. A Historia de Edipo o maricallas. A Historia de Jennifer a que non sabe quen é. A Madalena de Breogán contada dun tirón sen cigarro de descanso, durando xa catro páxinas e con aplauso final. (*Ergue un carteliño no que se le “Aplauso”*)

O público aplaude e pira. JENNIFER resucita e tráenlle un secador. Quitan o tapón e logo botan auga limpa na piscina. BREOGÁN vai ás caixas e trae de alí unha cadeira de rodas na que senta JENNIFER e logo sae.

JENNIFER: Eu fun Jennifer. A da boca aberta contra o patriarcado. A da cabeza ocupada. A de húmido padal. SALUSTIO: Non. Ti eras Edipo e sabías que non eras certo. E húmidos tiñas os ollos, e a boca seca de tanto a usar.

JENNIFER: Mais eu era Jennifer a danzarina. A de arxentino canto e tacto de veludo. Era eu, Jennifer a muller con “M” forte agarrado entre as pernas. Non esquecín. Coñézome. E sei quen son.

Feito despois do *Edipo rei* de Sófocles
os *Hamlet* de Shakespeare e Cunqueiro
o *Edipo* de Manuel María
o filme *Un ano con trece lúas* de R.W. Fassbinder
a *Máquina Hamlet* de Heiner Müller
o poema de Álvaro Cunqueiro *Eu son Edipo*
e o filme *A última tentación de Cristo* de Martín Scorsese